



# PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS EN FREIXEIRO

**Concello de Narón**

DOCUMENTO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

Febreiro 2011

CAROLINA CAJIDE BARBEITO  
Arquitecto COAG 3.240  
carolina.cajide.arq@gmail.com  
Telef: 637 42 01 63

## ÍNDICE

<b>1. - INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES .....</b>	<b>4</b>
1.1. - Introducción. conveniencia e oportunidade .....	5
1.2. - Planeamento vixente .....	6
1.3. - Referenzas á Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.....	7
1.4. - Documentación.....	8
1.5. - Tramitación.....	8
1.6. - Arquitecto redactora .....	8
<b>2. - MEMORIA URBANÍSTICA. MEMORIA DE INFORMACIÓN DO MEDIO NO QUE SE VAI A REALIZAR O PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS .....</b>	<b>9</b>
2.1. - Localización .....	10
2.2. - Descrición do ámbito e o do seu entorno .....	10
2.2.1. - Topografía e relevo .....	10
2.2.2. - Elementos ambientais .....	11
2.2.3. - Consideracións ambientais e do medio físico no ámbito do plan especial de dotacións .....	11
2.3. - Infraestruturas e edificacións existentes .....	14
2.3.1. - Infraestruturas de comunicación viaria.....	14
2.3.2. - Infraestruturas de servizos existentes .....	17
2.3.3. - Edificacións existentes .....	17
2.4. - Estrutura da propiedade .....	18
<b>3. - MEMORIA XUSTIFICATIVA E DE ORDENACIÓN .....</b>	<b>20</b>
3.1. - Obxectivos do plan especial .....	21
3.2. - Criterios de ordenación da parcela e condicións da edificación .....	21
3.2.1. - Localización do ámbito do plan especial .....	21
3.2.2. - Uso previsto .....	21
3.2.3. - Usos pormenorizados. Zonificación .....	22
3.2.4. - Condición da edificación e da parcela.....	22
3.3. - Xustificación da capacidade das infraestruturas.....	25
3.3.1. - Capacidade da rede viaria .....	25
3.3.2. - Prazas de aparcadoiro públicas .....	25
3.3.3. - Esquema da rede abastecemento de auga.....	26
3.3.4. - Esquema da rede de saneamento .....	26
3.3.5. - Esquema da rede de pluviais .....	26
3.3.6. - Esquema da rede de distribución de enerxía eléctrica.....	27
3.3.7. - Esquema da rede de distribución de alumeadado .....	27
3.3.8. - Esquema da rede de distribución de gas .....	27
3.3.9. - Esquema da rede de telecomunicacións.....	27
3.4. - Xustificación do impacto arqueolóxico nulo .....	28
3.5. - Xustificación do cumprimento de accesibilidade.....	28
<b>4. - NORMATIVA. ....</b>	<b>29</b>
4.1. - Normas xerais.....	30
4.1.1. - Obxecto e natureza do plan especial .....	30
4.1.2. - Ámbito de aplicación .....	30

4.1.3. - Vixencia.....	30
4.1.4. - Réxime urbanístico aplicable.....	30
4.1.5. - Sistema de obtención de terreos dotacionais.....	30
4.1.6. - Instrumentos de desenvolvemento.....	31
4.1.7. - Obrigas do promotor .....	31
4.2. - Normas de uso .....	32
4.2.1. - Xeneralidades .....	32
4.2.2. - Usos pomenorizados .....	32
4.3. - Normas de acondicionamento exterior .....	32
4.3.1. - Xeneralidades .....	32
4.3.2. - Condicións e tratamento do aparcadoiro.....	33
4.3.3. - Condicións das infraestruturas de servizos técnicos.....	33
4.3.4. - Condicións de axardinamento e mobiliario na área axardinada ou zona verde.....	35
4.4. - Normas de edificación .....	35
4.4.1. - Uso previsto .....	35
4.4.2. - Tipoloxía edificatoria .....	36
4.4.3. - Altura do edificio.....	36
4.4.4. - Ocupación máxima.....	36
4.4.5. - Superficie edificable .....	37
4.4.6. - Plantas permitidas.....	37
4.4.7. - Separación do edificio aos lindeiros con outras parcelas.....	37
4.4.8. - Condicións de integración e de acabado .....	37
4.4.9. - Condicións do peche.....	38
4.5. - Requisitos derivados do informe da dirección xeral de infraestruturas (consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas).....	38
4.6. - Requisitos derivados do informe da dirección xeral de patrimonio cultural (consellería cultura e turismo).....	38
4.7. - Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas .....	39
<b>5. - PLAN DE ETAPAS.....</b>	<b>41</b>
5.1. - Obxectivos e criterios .....	42
5.2. - Prazos e etapas.....	42
<b>6. - VALORACIÓN ECONÓMICA.....</b>	<b>43</b>
<b>7. - ÍNDICE DE PLANOS .....</b>	<b>45</b>
<b>8. - ANEXOS.....</b>	<b>48</b>
<b>ANEXO I</b>	<u>Informes previos á aprobación definitiva</u> da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas)
<b>ANEXO II</b>	Xustificación do cumprimento do establecido no <u>Informe previo á aprobación definitiva</u> de data 17 de setembro de 2010 da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas)

- ANEXO III** Proposta sobre protocolo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Narón para execución das obras de construción dun novo centro de saúde
- ANEXO IV** Resolución con data de 11 de decembro de 2008 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible sobre a non necesidade de someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica o Plan Especial de Dotacións en Freixeiro
- ANEXO V** Informes da Dirección Xeral de Infraestruturas
- ANEXO VI** Informes da Dirección Xeral de Patrimonio
- ANEXO VII** Informe do impacto arqueolóxico do Plan Especial de Dotacións
- ANEXO VIII** Informes das empresas subministradoras de servizos
- ANEXO IX** Certificacións catastrais das parcelas afectadas polo Plan Especial de Dotacións
- ANEXO X** Valoración dos terreos e bens a expropiar

## **1. - INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES**

## 1.1. - INTRODUCCIÓN. CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE

O presente texto constitúe a Memoria do Documento de Aprobación Definitiva do **Plan Especial de Dotacións en Freixeiro** no Concello de Narón realizada a instancias do propio Concello de Narón tras o informe emitido con data 4 de febreiro de 2011 pola da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas).

Con anterioridade, con data 17 de setembro de 2011, a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas) emitiu informe previo á aprobación definitiva, no que se establecía a necesidade da corrección dunhas deficiencias e a necesidade de solicitar un novo informe. No anexo II analízanse estas deficiencias sinaladas pola Secretaría Xeral, así como a súa incidencia na estrutura final do documento xustificándose deste modo o cumprimento do indicado.

O contido do Plan Especial adaptase ao establecido á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, denominada a partir de agora LOUG e ao planeamento vixente no Concello de Narón que dispón, como instrumento de ordenación urbanística, dun Plan Xeral de Ordenación Municipal que foi aprobado definitivamente no ano 2002.

Formúlase o presente Plan Especial de Dotacións co obxecto de ordenar un ámbito de solo destinado para a construción dun equipamento básico de uso sanitario en base a desenvolver un protocolo existente entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Narón para construción de Centro de Saúde.

Ao tempo, este ámbito convértese nun lugar de oportunidade para completar as dotacións nesta zona tan próxima ao solo urbano de Narón.

A superficie afectada polo Plan Especial de dotacións é, segundo levantamento topográfico, de 14.882 m<sup>2</sup> e é un conxunto de predios os que constitúen o ámbito no que se vai a desenvolver este Plan Especial de Dotacións.

Os predios escollidos responden á proximidade do solo urbano de Narón e a boa localización con respecto á estrutura viaria municipal. Por estes motivos é polo que este ámbito se adapta perfectamente á vocación para a realización dun Plan Especial de Dotacións cumprindo ao tempo o establecido no Artigo 33 punto 2. g) da Lei do solo vixente pois o Plan Especial desenvólvese nuns terreos situados nas proximidades do solo urbano de Narón, na zona de Freixeiro, terreos que, en base á disposición transitoria primeira da citada Lei, no seu apartado d), "*Réxime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado*", terán a clasificación de Solo Urbanizable non delimitado. O artigo 21 da LOUG que regula o "*Réxime do solo urbanizable*" establece no seu punto 4 que no solo urbanizable non delimitado, en tanto non se aprobe o correspondente plan de sectorización, aplicarase o réxime establecido para o solo rústico na Lei 9/2002. A categoría de solo rústico na

que se atopan os terreos sería a de Solo Rústico de Protección Ordinaria ao non presentar os mesmos uns valores que teñan que ser protexidos.

O contido do Plan Especial de Dotacións deberá ser congruente cos fins que nel se definan. Tales criterios de planeamento constitúen as bases a seguir para conseguir os obxectivos e fins marcados.

As determinacións do Plan Especial de Dotacións desenvólvense a través dos seguintes documentos que compoñen o proxecto en cumprimento de establecido no Artigo 71 da Lei 9/2002.

## 1.2. - PLANEAMENTO VIXENTE

O Planeamento en vigor a día de hoxe no Concello de Narón é o **Plan Xeral de Ordenación Municipal** que foi aprobado definitivamente polo Concello con data de 22 de abril de 2002 e publicado no BOP nº 131 de 10 de xuño de 2002 e no DOGA do 9 de maio de 2002.

Este planeamento establece as seguintes clasificacións de solo:

- Solo Urbano.
- Solo Urbanizable
- Solo de Núcleo Rural
- Solo Rústico
  - Solo Rústico Apto para Urbanizar.
  - Solo Rústico Protección Especial.
    - Protección paisaxística-ambiental e ecolóxica
    - Protección forestal.
    - Protección agrícola.
    - Protección de implantacións e instalacións.
    - Protección de Castros e outros Bens de natureza histórico-artística.
    - Protección de Cauces
    - Protección de Infraestruturas
- Sistemas Xerais.
  - Sistema Xeral Viario.
  - Sistema Xeral de Espazos Libres.
  - Sistema Xeral de Equipamentos Comunitarios.
  - Sistema Xeral de Infraestruturas e servizos básicos.
  - Sistema Xeral: zona marítimo terrestre.

- Sistema Xeral Portuario.

No Plano de Ordenación E de "Clasificación del Suelo del Termino Municipal", que se corresponde co plano I-17 "*Clasificación do solo segundo PXOM. Clasificación do solo do Termo Municipal. Plano E*" a escala 1/5.000 do presente Plan de dotacións, obsérvase que os terreos obxecto deste Plan Especial teñen a clasificación de **SOLO RÚSTICO APTO PARA URBANIZAR**.

### **1.3. - REFERENZAS Á LEI 9/2002 DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA**

O PXOM de Narón aprobouse ao abeiro da hoxe derogada Lei 1/1997, do Solo a Galicia. É, polo tanto, un Plan non adaptado á Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

A disposición transitoria primeira, "Réxime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado", no seu apartado 1, letra f), establece; "Ao solo clasificado polo planeamento vixente como non urbanizable ou rústico, aplicaráselle integramente o disposto nesta Lei para o solo rústico" e segundo o apartado d) terán a clasificación de Solo Urbanizable non delimitado o solo rústico apto para o desenvolvemento urbanístico. O artigo 21 da Lei 9/2002 que regula o "*Réxime do solo urbanizable*" establece no seu punto 4 que no solo urbanizable non delimitado, en tanto non se aprobe o correspondente plan de sectorización, aplicarase o réxime establecido para o solo rústico na Lei 9/2002.

O artigo 33 da Lei 9/2002 establece no seu apartado 2, letra g) a definición do uso dotacional en solo rústico; "*g) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións que deban localizarse necesariamente no medio rural, como son: os cemiterios, as escolas agrarias, os centros de investigación e educación ambiental e os campamentos de turismo e pirotecnias.*

*Ademais, mediante aprobación dun plan especial de dotacións regulado polo artigo 71 desta Lei, poderán permitirse equipamentos, públicos ou privados.*

*O contido e determinacións dun plan especial de dotacións ven expresado no artigo 71:*

*"1. Os plans especiais de infraestructuras e dotacións teñen por obxecto o establecemento e a ordenación das infraestructuras básicas relativas ao sistema de comunicacións, transportes, espazos libres públicos, equipamento comunitario, e das instalacións destinadas aos servizos públicos e subministracións de enerxía e abastecemento, evacuación e depuración de augas.*

*2. Os plans especiais de infraestructuras e dotacións conterán as seguintes determinacións:*

*a) Delimitación dos espazos reservados para infraestructuras e dotacións urbanísticas e o seu destino concreto.*



*b) As medidas necesarias para a súa adecuada integración no territorio e para resolver os problemas que xere no viario e nas demais dotacións urbanísticas.*

*c) Medidas de protección necesarias para garantir a funcionalidade e accesibilidade das infraestructuras e dotacións urbanísticas."*

O xeito de obtención dos terreos que non son propiedade do Concello de Narón será mediante EXPROPIACIÓN FORZOSA, por CONVENIO entre a administración e os propietarios ou por PERMUTA FORZOSA con terreos do patrimonio municipal do solo.

#### **1.4. - DOCUMENTACIÓN**

O presente documento está formado polos seguintes documentos:

- Memoria urbanística.
- Memoria Xustificativa e de Ordenación.
- Ordenanzas.
- Estudio económico.
- Plan de etapas.
- Planos de Información.
- Planos de Ordenación.

#### **1.5. - TRAMITACIÓN**

O documento será tramitado segundo o disposto no artigo 86 da Lei 9/2002.

Considérase un plan especial non previsto, aos efectos de aplicación do disposto no apartado d) de dito artigo.

O presente documento constitúese como documento de **Aprobación Definitiva**.

Respecto ao procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica segundo o establecido na *Lei 9/2006 del 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente* con data de 11 de decembro de 2008 (Anexo IV do presente documento) a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible establece con data de 11 de decembro de 2008 a non necesidade de someter a Avaliación Ambiental Estratéxica o presente Plan Especial de Dotacións.

Recóselles ao tempo as modificacións debido ás alegacións presentadas.

#### **1.6. - ARQUITECTO REDACTORA**

A redactora do presente Plan Especial é:

- Carolina Cajide Barbeito. Arquitecto Urbanista colexiada COAG 3.240

## **2. - MEMORIA URBANÍSTICA. MEMORIA DE INFORMACIÓN DO MEDIO NO QUE SE VAI A REALIZAR O PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS**

## 2.1. - LOCALIZACIÓN

O ámbito obxecto deste Plan de Dotacións sitúase na zona de Freixeiro, zona localizada nas proximidades do núcleo urbano de Narón que recibe este nome pola proximidade do Río Freixeiro e que está tamén nas inmediacións da estrada de titularidade estatal AP-9F, que comunica as cidades de Ferrol e A Coruña, e é contigua á estrada de titularidade autonómica AC-862.

## 2.2. - DESCRICIÓN DO ÁMBITO E O DO SEU ENTORNO

Tal como se pode observar no plano *I 07 Estrutura da propiedade*, esta actuación afecta a un conxunto de dezoito parcelas segundo o levantamento topográfico realizado, que teñen , xunto coa estrada de titularidade autonómica AC-862 e o camiño de titularidade municipal, denominado Camiño do Lodairo, que atravesa ao ámbito en diagonal, unha superficie de 14.882 m<sup>2</sup> .

Os lindes do ámbito de actuación son os seguintes:

Norte: a delimitación do ámbito fórmase na seu vento norte unha liña perpendicular ao eixo da estrada AC-862 que se adapta ao parcelario existente naqueles puntos onde non se quixo deixar fora ou incluír partes de predios de pequenas dimensións. O límite do ámbito neste vento veu condicionada pola separación de 100m ao Río Freixeiro.

Sur: no vento sur a delimitación do ámbito está formada por unha liña quebrada que é froito de adaptarse ao parcelario existente, agás naquelas partes dos predios ocupadas por edificacións nas que se deixaron 25m de distancia ao eixo do viario existente que é o límite do solo urbano.

Leste: conforma este vento un camiño peonil e dúas vivendas existentes.

Oeste: estrada de titularidade autonómica AC-862 coñecida como Estrada de Castela.

### 2.2.1. - TOPOGRAFÍA E RELEVO

A configuración topográfica do ámbito é practicamente cha na zona entre a estrada de Castela (cota 11,70) e o viario de titularidade municipal (cota 12,55), situación que varía ao outro lado do Camiño do Lodairo pois existe maior pendente que será aproveitada para inserir a edificación.

A cota máis alta atópase ao sueste do ámbito (+25,00) e a máis baixa ao noroeste (+10,30).

### 2.2.2. - ELEMENTOS AMBIENTAIS

Os redores da parcela caracterízanse por un elevado desenvolvemento das actuacións antrópicas, o que provocou a recesión dos elementos da natureza como a auga, a vexetación, etc, e a substitución por outros artificiais como infraestruturas viarias, edificacións e movementos de terra.

Tal como se pode apreciar no plano *I 06 Fotografía aérea*, recoñécese vexetación de tipo arbustivo entre a Estrada de Castela e o viario de titularidade municipal con algunha masa arbórea de escasa entidade mentres que ao outro lado do camiño de terra existe un aproveitamento agrícola de tipo familiar abandonado dadas as dimensións das parcelas.

Nas proximidades do ámbito, a máis de 100 metros de mesmo, e na parte norte, localízase o Río Freixeiro que nesa zona está canalizado.



### 2.2.3. - CONSIDERACIÓNS AMBIENTAIS E DO MEDIO FÍSICO NO ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS

#### 2.2.3.1. - VEXETACIÓN CLIMÁCICA E POTENCIAL

Como xa se comentou no presente Documento e é visible nas diferentes fotografías que o ilustran, o ámbito deste Plan Especial de Dotacións encadrase nun espazo moi próximo, ao carón do núcleo urbano de Narón, e debido a esta inmediatez o seu estado é dunha elevada antropización o que provocou que o medio natural orixinario estea practicamente ausente do ámbito de actuación deste Plan de Dotacións.

A zona obxecto de estudo atópase enclavada, dende o punto de vista bioxeográfico e tendo en conta a súa vexetación e bioclimatoloxía, dentro da área que abarca a Rexión Mediterránea. Segundo os criterios que se seguen na actualidade (Rivas Martínez, 1987 e J. Izco, 1989) a provincia de A Coruña comprende a seguinte división corolóxica:

- Rexión: Eurosiberiana.
- Provincia: Cántabro-Atlántica.
- Sector: Galaico-Portugués.
- Subsector: Compostelano.

Aínda cando é unha utopía absoluta falar dunha vexetación climácica referíndose a uns terreos como os estudados no presente plan de dotacións, xa que se atopan absolutamente alterados, modificados, destruídos en canto a súa expresión natural, dende hai polo menos moitos anos seguiremos a formalidade da súa descrición teórica.

No que respecta á vexetación “potencial”, que ven determinada polo diagrama climático de Walter e Lieth así como polo gráfico de formacións fisiognómicas, a zona caracterízase pola súa adscrición á denominada formación Aestilignosa (bosques caducifolios), con un carácter oceánico moi marcado.

O ámbito de Freixeiro é semellante ao entorno da costa coruñesa (Arco Artabro) e como tal a flora espontánea, constituída por especies oportunistas, representa o resultado da antropización do medio, o cal por analoxía do territorio trátase de terreos onde dominan as especies leñosas caducifolias, tanto árbores como arbustos, que aparecen mezclados con perennifolios. As especies que aparecerían máis tipicamente son, en consecuencia, *Quercus* sp. (carballos), *Fagus sylvatica*, *Carpinus* sp., *Betula* sp., etc. Estas especies aparecerían acompañadas de maneira máis ou menos natural por outras formacións arbóreas entre as que se pode destacar a familia do pino (*Pinus pinaster* principalmente) e xa de forma introducida de maneira artificial polo home do eucalipto (*Eucaliptus globulus*).

O estrato arbustivo forman comunidades fruticosas e densas, ricas en caméfitos e nanofanerófitos. Polo xeral son de carácter serial. O fogo sole ser o responsable da súa aparición e permanencia. Ao constituír etapas de degradación son estratos que, polo xeral, están suxeitos aos factores locais.

### **2.2.3.2. - UNIDADES DE VEXETACIÓN**

So aparece a unidade de Vexetación de prados e cultivos. Os prados de sega ocupan a maioría da superficie de igual forma que os labradíos ou cultivos de millo, patacas, nabos segundo a alternativa de cada época do ano e incluso hortícolas na proximidade de vivendas unifamiliares.

Da rica flora herbácea destes prados pódese destacar a abundancia de gramíneas (*Dactylis glomerata*, *Holcus lanatus*, *Bromus mollis*, *Molinia caerulea*, *Lolium perenne*, *Deschampsia hispanica*, *Anthoxanthum odoratum*), juncáceas y ciperáceas (*Juncus acutiflorus*, *J. Effusus*, *Carex panicea*), tréboles (*Trifolium repens*, *T. Pratense*), e outras especies (*Lychnis flos-cuculi*, *Senecio aquaticus*, *Lotus uliginosus*, *Crepis capillaris*, *Hipochoeris radicata*), etc.

Trátase da unidade fisiográfica que aparece maioritariamente no ámbito deste Plan Especial, debido á proximidade do núcleo urbano de Narón e ao aproveitamento que se realizou en décadas pasadas. Esta unidade vexetal está moi influenciada pola actividade humana que orixina a transformación destes terreos a partir da vexetación natural a zona de pastos co fin de ser aproveitados polo gando ou ben cultivar forraxe que sirva de alimento a estes animais noutras zonas.

Como se observa nas imaxes insertas, a paisaxe esta moi deteriorada, o ámbito atópase practicamente rodeado do núcleo urbano de Narón e de infraestruturas viarias (AC-862: Estrada de Castela e a AP-9F: Autopista A Coruña –Ferrol)

Subsisten nesta “illa” do ámbito obxecto do Plan Especial de Dotacións, algúns prados e cultivos agrícolas, hortas ou cortiñas de autoabastecemento da poboación local, cun marcado carácter residual e que nos mostran la pegada do carácter agrícola que posuía este territorio antes de que se consolidara completamente o núcleo urbano, polo que este tipo de actividades agrarias foron desaparecendo deixando lugar ao novos desenvolvementos propios de núcleos urbanos.





Por tanto, a *fraxilidade visual* do entorno ante a presenza da actuación proposta no presente Plan Especial de Dotacións é de tipo medio-baixo, condicionada en gran medida pola situación do mesmo nunha ava, que limita considerablemente as posibilidades de visión respecto ás terras circundantes.

En definitiva, a paisaxe do Ámbito del Plan Especial atópase actualmente moi degradado polos motivos xa expostos de elevada antropización da zona, situación característica e polas diversas infraestruturas viarias, e por tanto é aceptable o desenvolvemento do Plan Especial .

## **2.3. - INFRAESTRUTURAS E EDIFICACIÓNS EXISTENTES**

No entorno da ámbito obxecto do Plan Especial de Dotacións recoñécense as seguintes infraestruturas e edificacións.

### **2.3.1. - INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓN VIARIA**

Dende o punto de vista do viario a ámbito está a o carón da estrada de Sistema Xeral e titularidade autonómica denominada AC-862 ou “Estrada de Castela” que é a estrada que articula todo o solo urbano de Narón e comunica co concello de Ferrol. Esta estrada está no vento noroeste do ámbito, ten unha dimensión entre aliñacións que oscilan entre 21 e 22 m e está realizada en mezcla bituminosa e dispón de beirarrúas a ámbolos dous bordes.

O ámbito ao tempo é atravesado por unha vía de titularidade municipal que se mantén e serve de apoio a esta actuación, ten un ancho de 5 m e o seu material é rego asfáltico. É necesario manter este viario, aínda que se modifica o seu trazado para regularizalo e se amplía a súa dimensión , por non alterar a estrutura viaria existente na zona, pois quedaría parte da mesma sen conexións.

No vento sueste existe un camiño peonil de terra que serve de límite ao ámbito nesta zona.



AC-862 ou  
Estrada de Castela




Camiño de Lodairo



Camiño peonil no  
vento leste



No seguinte esquema reflíctase a estrutura viaria existente no ámbito.



Salientar que nas proximidades, a máis de 100 m, atópase a estrada AP-9F, estrada que está a distinto nivel ao existir un viaduto nesa zona.



### 2.3.2. - INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS EXISTENTES

En canto ás infraestruturas de abastecemento de auga, tal como de reflicte no plano de información I09, existe na AC-862 unha tubaría de fundición de  $\varnothing$  400, e outra de polietileno de  $\varnothing$  90 que e vai polo camiño de Lodairo e da servizo ás vivendas existentes fora do ámbito do Plan de Dotacións.

A rede de saneamento existente, tal como de reflicte no plano de información I10, . existe na AC-862 dúas tubarias de formigón de  $\varnothing$  500 e 600. No camiño de Lodairo existe na parte leste do ámbito unha tubaría de formigón de  $\varnothing$  400.

A rede de pluviais existente, tal como de reflicte no plano de información I11, . so existe na AC-862 e consiste nunha tubaría de  $\varnothing$  600.

O subministro de electricidade resólvese na actualidade mediante unha liña aérea de baixa tensión sobre postes de formigón que da servizo ao resto das edificacións existentes na zona e que segue a marxe da estrada municipal.

Tanto na AC-862 como no camiño de Lodairo existe alumeado público.

Tanto a rede de gas, como a de telecomunicacións de R e telefonía existentes, tal como se reflicta respectivamente nos planos de información I 13, I 14 e I 15, localízanse na AC-862.

No fronte do ámbito, ao carón da AC-862, existe un emprazamento para contedores de lixo. Existe recollida de residuos orgánicos e inertes.

### 2.3.3. - EDIFICACIÓNS EXISTENTES

O medio construído que rodea ao ámbito ten gran heteroxeneidade. Na parte en contacto co solo urbano e ao outro lado da Estrada de Castela estase desenvolvendo na actualidade unha actuación de solo urbano non consolidado con edificacións de B+8+BC.



No resto do contorno do ámbito no que se colocará o equipamento sanitario existen vivendas unifamiliares de B+1. Dentro do ámbito do plan de dotacións existe unha edificación de B+2 ao carón da Estrada de Castela e unha fonte no vento suroeste do ámbito que se conservará.



## 2.4. - ESTRUCTURA DA PROPIEDAD

No plano “I07 Estructura da propiedade” indícanse as parcelas incluídas, na súa totalidade ou en parte, no ámbito deste plan de dotacións que son un total de dezasete segundo a información catastral existente e de dezoito segundo o levantamento topográfico realizado.

No seguinte cadro reflíctese a información catastral destas parcelas tal como establece o artigo 86.1.a da LOUG:

Ref. catastral	Propietario segundo catastro
15055A055001210000SE	Descoñecido
000103500NJ61F0001PG	María Alonso Cercido
000103500NJ61F0002AH	María Alonso Cercido
000103500NJ61F0003SJ	Guillermo Aneiros Seoane e Josefina Alonso Cercido
000103500NJ61F0004DK	Francisco José Alonso López e outro
15055A055001190000SS	María Ángeles Rodríguez Cerdido
15055A055001180000SE	Descoñecido
15055A055001160000SI	Descoñecido

<b>Ref. catastral</b>	<b>Propietario segundo catastro</b>
000103400NJ61F0001QG	Francisco Pantín Amado e Ana María Pardo Rodríguez
000103000NJ61F0001AG	Manuela Piñón Hermida
15055A055001020000SQ	Manuela Piñón Hermida
15055A055001030000SP	Manuela Piñón Hermida
15055A055001040000SL	Isabel López Leira
15055A055001050000ST	Herdeiros de Dna. Isabel López López
15055A055001060000SF	Descoñecido
000102400NJ61F0001UG	D. José Díaz Rodríguez
000102500NJ61F0001HG	Edelmiro Naveiras Soto
15055A055000950000SH	Isabel López Leira
15055A055000960000SW	Herdeiros de Dna. Isabel López López
000102800NJ61F0001BG	Josefa Ramos Pantín

Segundo o levantamento topográfico tal como se reflicta no plano I 07 as parcelas afectadas son as seguintes:

<b>Propiedade número</b>	<b>Superficie afectada (m<sup>2</sup>)</b>
1	1395,67
2	770,69
3	721,68
4	997,69
5	1799,22
6	453,70
7	75,11
8	587,24
9	598,17
10	2089,48
11	1437,12
12	537,80
13	284,62
14	34,14
15	30,52
16	361,38
17	284,91
18	283,03
<b>TOTAL</b>	<b>12.742,17</b>

### **3. - MEMORIA XUSTIFICATIVA E DE ORDENACIÓN**

### **3.1. - OBXECTIVOS DO PLAN ESPECIAL**

Coa aprobación deste Plan Especial preténdense acadar os seguintes obxectivos:

- Establecer as determinacións precisas que permitan construír un novo edificio dotacional destinado a centro de saúde de titularidade pública.
- Establecer as medidas necesarias para que a dotación prevista se insira axeitadamente na estrutura territorial existente, articulando as determinacións necesarias que garantan o mantemento da calidade das redes e infraestruturas das que se serve.
- Ordenación acorde co medio, localizando a edificación apartada da AC-862 co fin de deixar a zona verde ao carón desta estrada para que sirva de espazo de transición.

### **3.2. - CRITERIOS DE ORDENACIÓN DA PARCELA E CONDICIÓN DA EDIFICACIÓN**

#### **3.2.1. - LOCALIZACIÓN DO ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL**

A localización de ámbito no que se desenvolve o Plan Especial responde a que no solo urbano de Narón non existen parcelas libres dun tamaño que poidan albergar o Centro de Saúde que se planea, especialmente cando a normativa de aplicación establece que só se pode ocupar o 30% da parcela. En canto ás cesións existentes polo desenvolvemento do Solo Urbanizable delimitado R1 e dos sectores do Polígono Industrial de Río de Pozo, descartáronse pola deslocalización dentro do Termo Municipal, pois este tipo de equipamentos necesita estar nas proximidades da zona na que se localiza a meirande parte da poboación que é o solo urbano. A zona escollida, nas proximidades do solo urbano, responde á localización de varios equipamentos (Casa do Concello, Biblioteca, Auditorio, Casa da Cultura...) que se complementarían cun centro de saúde e polo feito de estar nunha situación privilexiada con respecto ao sistema xeral viario (próximo ao enlace coa AP-9 e ao carón da estrada AC-862 que é o viario que articula e estrutura o solo urbano de Narón). Con isto queda xustificada que a localización elixida é idónea para o uso a establecer tal como establece o artigo 44.1.b da LOUG.

#### **3.2.2. - USO PREVISTO**

En base ao indicado no artigo 33.2.g da LOUG pódese establecer o uso dotacional sanitario en solo rústico mediante a aprobación dun plan especial de dotacións.

### 3.2.3. - USOS PORMENORIZADOS. ZONIFICACIÓN

Derivado das propias necesidades da dotación prevista, así como da aplicación do réxime do solo rústico nas súas diferentes modalidades, resulta necesario establecer unha zonificación da parcela ao obxecto de regular as condicións de uso de cada parte dela.

En virtude do equipamento que se pretende construír, a parcela é susceptible de ordenarse mediante tres zonas diferenciadas:

- **Área de viario de sistema xeral**, parte do ámbito confórmao a estrada de titularidade autonómica AC-862.
- **Área de viario de sistema local**, apóiase nun viario existente que é ampliado en sección ata acadar os 6m de calzada. Disponse ao seu carón franxas de aparcadoiros en ambos sentidos e unhas beirarrúas de 3m de ancho medio. As prazas de aparcadoiro propostas neste viario son un total de 77.
- **Área edificable**: utilizarase a parte sueste do ámbito ao carón do viario local existente (do Camiño de Lodairo e o peatonal existente no vento leste).
- **Área axardinada**, en contacto co viario de sistema xeral e o viario local, localízase ao noroeste do ámbito. Esta zona está ao carón da estrada AC-862 quedando garantido que a área destinada á construción do edificio non afecta a terreos nos que existe unha afección.

Estes usos distribúense nas seguintes superficies dentro do ámbito:

USO	SUPERFICIE (m <sup>2</sup> )
Viario Sistema Xeral	1.393
Viario Sistema Local	3.050
Área edificable	6.142
Área axardinada	4.297
<b>TOTAL</b>	<b>14.882</b>

Ditas zonas ordenáronse considerando o réxime de solo rústico previsto na LOUG tal como se xustifica a continuación

### 3.2.4. - CONDICIÓ DA EDIFICACIÓN E DA PARCELA

As condicións da edificación, no que respecta aos parámetros que regulamentan a tipoloxía edificatoria, condicións de ocupación e de volume, resolveranse co cumprimento simultáneo das determinacións da Lei 9/2002 e o Plan Xeral de Narón.

As condicións da edificación definidas na Lei 9/2002 para o solo rústico veñen expresadas nos artigos 42 e 44.

- A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá do 20 % da superficie do ámbito.
- O volumen máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes no solo rústico do contorno. No caso de que resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou da actividade autorizable, procurarase descompoñer en dous ou máis volumes conectados entre si co fin de adaptar as volumetrías ás tipoloxías propias do medio rural. En todo caso, deberanse adoptar as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.
- As características tipolóxicas da edificación deberán ser congruentes coas tipoloxías rurais tradicionais do contorno, en particular, as condicións de volumetría, tratamento de fachadas, morfoloxía e tamaño dos ocos, e solucións de cuberta, que, en todo caso, estarán formadas por planos continuos sen crebas nas súas vertentes.
- A altura máxima das edificacións non poderá superar as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arrinque inferior da vertente de cuberta. Excepcionalmente, poderá superar os 7 metros de altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, fixeran imprescindible superalos nalgún dos seus puntos.
- As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do contorno. En tal sentido, para o acabado das edificacións empregárase a pedra ou outros materiais tradicionais e propios da zona. En casos xustificadas pola calidade arquitectónica da edificación, poderán empregarse outros materiais acordes cos valores naturais, coa paisaxe rural e coas edificacións tradicionais do contorno.
- Os cerramentos e valados serán preferentemente vexetais, sen que os realizados con material opaco de fábrica superen a altura de 1 metro, agás en parcelas edificadas, onde poderán acadar 1,50 metros. En todo caso, débense realizar con materiais tradicionais do medio rural no que se localicen, non permitíndose o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determine.
- A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación non será inferior a 3.000 metros cadrados.
- Os edificios localizaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ó terreo e ó lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.



- Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento e, en ningún caso, poderán ser inferiores a 5 metros.
- As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de xeito que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.
- Manterase o estado natural dos terreos, ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela.

Una vez analizada a normativa de aplicación procédese a realizar o cálculo correspondente que se reflicta a continuación:

Os datos básicos de partida do ámbito son os seguintes:

Superficie total do Ámbito de Actuación	14.882 m <sup>2</sup> .
Superficie do Sistema Xeral Viario Existente	1.393 m <sup>2</sup> .
Superficie do Ámbito a efectos de Cálculo (Diferenza)	13.489 m <sup>2</sup> .

#### Cálculo para o Ámbito

	Norma	Cálculo	Resultado en proxecto
Superficie do Ámbito	-	-	14.882 m <sup>2</sup>
Superficie de Cálculo	Excluíndo Sistemas Xerais Existentes	14.882-1.393	13.489 m <sup>2</sup>
Ocupación Máxima	20 %.superficie cálculo	13.489 x0'20	2.697 m <sup>2</sup>
Sistema Viario Xeral	-	-	1.393 m <sup>2</sup>
Sistema Viario Local	-	-	3.050 m <sup>2</sup>
Area edificación	-	-	6.142 m <sup>2</sup>
Área axardinada	-	-	4.297 m <sup>2</sup>
Estado natural terreo	50% ámbito (14.882/2= 7.441)	14.882-1.393- 3.050-2.697	7.742 m <sup>2</sup> en estado natural
Altura da edificación	SOTO+B+I		SOTO+B+I
Aparcamentos	1p./100 m2 e.	1 x 5486 / 100 55 Prazas	77 Prazas
	En dominio público 1/5	110/5=26	77

Dende o presente Plan Especial preténdese establecer na normativa de aplicación unhas condicións ou parámetros que refundan as limitacións anteriormente expostas e que, sobre todo, se constitúan como unha resposta tipolóxica e formal ás características singulares do lugar para así dar cumprimento ao establecido no artigo 42.1.b da LOUG.

### **3.3. - XUSTIFICACIÓN DA CAPACIDADE DAS INFRAESTRUTURAS**

Co cumprimento do indicado nos seguintes puntos garántese o cumprimento do artigo 42.1.a da LOUG pois quedan así previstas as medidas correctoras que minimizan a incidencia do equipamento no territorio e garántese o acceso rodado, abastecemento de auga, evacuación e tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, de gas e rede de telecomunicación e a recollida, tratamento, eliminación e depuración de toda clase de residuos e a previsión de aparcadoiros suficientes, así como se corríxen as repercusións que produce a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes ao ser estes ampliados.

#### **3.3.1. - CAPACIDADE DA REDE VIARIA**

Considérase que o futuro equipamento vai xerar un incremento do tráfico no acceso á estrada de titularidade municipal que comunica a zona de actuación coa AC-862.

Dito aumento de tráfico correspondería aos traxectos xerados polos empregados ou traballadores do centro de saúde, así como polo ingreso diario de pacientes en réxime diúrno. En menor medida habería que considerar o tráfico de subministradores.

Considérase que o acceso ao equipamento realizarase dende infraestruturas viarias de capacidade sobrada, e que dito aumento no tráfico non vai comprometer a capacidade das mesmas, especialmente por estar a o carón dun tramo urbano da AC-862.

En relación ao cruce existente entre a estrada de titularidade municipal e a estrada AC-862 salientar que ten capacidade para albergar un carril de espera que permita os xiros á esquerda o que permitirá que se podan desenvolver todos os fluxos de tráfico.

#### **3.3.2. - PRAZAS DE APARCADOIRO PÚBLICAS**

Tal como se pode observar nos diferentes planos de ordenación, colócanse 77 prazas no viario de sistema local. As prazas de aparcamento públicas localízanse no viario de titularidade municipal e ordénanse en batería tal como pode apreciarse na diferente documentación gráfica.

Para o cumprimento do estándar establecido no Decreto 35/2000 de 28 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento e Execución da Lei de Accesibilidade e Supresión de Barreiras da comunidade Autónoma de Galicia localízanse 3 prazas adaptadas tal como se reflicta nos diferentes planos de ordenación.

As dimensións das prazas son de 2'50 x 5'00 m e a adaptadas son de 3'5 x 5 m.

### **3.3.3. - ESQUEMA DA REDE ABASTECIMENTO DE AUGA**

Proxectase un novo subministro procedente da AC-862 (Estrada de Castela) xa que o existente no Camiño de Lodairo non ten capacidade para abastecer ao novo Centro de Saúde. El punto de conexión aparece reflejado en el Plano *O 05 Rede de Abastecemento*.

Dado o punto de entronque pola compañía subministradora (Anexo VI do presente Plan de Dotacións), deséñase unha rede de abastecemento con tubaría de polietileno de diámetro 150 mm.

Na rede proxectada contémpanse ademais válvulas, bocas de rego, hidrantes, etc.

### **3.3.4. - ESQUEMA DA REDE DE SANEAMENTO**

Ao igual que no caso anterior, dados os puntos de vertido pola compañía encargada do servizo (Anexo VI do presente Plan de Dotacións), deséñase unha rede de saneamento separativa acorde coas pendentes lonxitudinais do vial proxectado.

A conexión da rede prevista producirase no punto reflectido no Plano *O 06 Rede de Saneamento* conectando co colector existente na AC-862 (Estrada de Castela).

Toda a rede proxéctase con tubaría de PVC de diámetro 315 mm, unicamente a un lado do vial, por debaixo da beirarrúa ou zona de aparcamento. Os pozos serán de formigón in situ.

### **3.3.5. - ESQUEMA DA REDE DE PLUVIAIS**

O vertido de augas pluviais recollido na rede definida realízase ao colector existente na AC-862 (Estrada de Castela) no punto sinalado no Plano *O 07 Rede de Pluviais*.

Toda a rede proxéctase con tubaría de PVC de diámetro 315 mm e 200 mm para a conexión dos sumidoiros aos pozos de rexistro. La conducción prevese por un solo lado do vial con pozos colocados convenientemente para poder conectar a eles as arquetas de acometida e sumidoiros. Ademais na zona do aparcadoiro proxéctase unha rigola entre esta e a calzada para recollida de auga nos sumidoiros, así como cunetas de bordes na zona de espazos libres públicos coa mesma finalidade.

### **3.3.6. - ESQUEMA DA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELECTRICA**

#### 1. Rede de Media tensión.

Parten da liña de UNION FENOSA no punto de entronque sinalado por esta compañía subministradora e reflectido no Plano *O 08 Rede de Eléctrica*.

#### 2. Rede de Baixa tensión.

As distintas redes subterráneas para o subministro eléctrico en baixa tensión parten do centro de transformación e rodean as parcelas correspondente que debe alimentar.

As acometidas realízanse a partir das arquetas correspondentes. As liñas son subterráneas de sección adecuada e protexidas.

### **3.3.7. - ESQUEMA DA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE ALUMEADO**

As redes de alumado público, no Plano *O 09 Rede de Alumado*, parten de cadros de mando e control situado anexo ao centro de transformación. Diferéncianse dous tipos de alumado:

- a) Viario: luminarias de v.s.a.f. sobre columna recta de 8m de altura.
- b) Zonas libres: luminarias decorativas de v.s.a.f. sobre columna recta de 4 m de altura.

As redes serán subterráneas con tubos de diámetro 110 mm con zaxas formigonadas en cruces de calzada.

### **3.3.8. - ESQUEMA DA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE GAS**

Proxectarase, tal como se reflicte no plano *O 10 Rede gas*, a nova rede de gas polo camiño de Lodairo dende o punto de entronque facilitado pola empresa subministradora deste servizo (Gas Galicia) que está na estrada de Castela. Proxéctase unha rede formada por unha tubaría con válvulas de corte para illamento do ramal en caso de que sexa necesario.

### **3.3.9. - ESQUEMA DA REDE DE TELECOMUNICACIÓNS**

Nos planos *O 11 Rede telecomunicación R* e no *012 Rede telefonía* proxéctanse as redes de telecomunicación das compañías subministradoras R e Telefónica partindo dos puntos de entronque facilitados por ambas empresas que están na estrada de Castela. Dende estes puntos deséñanse unhas canalizacións de

alimentación de servizos de telecomunicacións que de servizo ao equipamento previsto.

### **3.4. - XUSTIFICACIÓN DO IMPACTO ARQUEOLÓXICO NULO**

Tal como se reflicta no informe realizado polo arqueólogo do Concello de Narón D. Andrés Pena Graña (Anexo VII do presente documento) na área afectada polo Plan Especial de Dotacións en Freixeiro presenta a todos os efectos nulo interese arqueolóxico, histórico, etnográfico ou artístico.

### **3.5. - XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DE ACCESIBILIDADE**

Determinacións específicas en canto ao disposto sobre accesibilidade na Orden VIV/561/2010, de 1 de febreiro por la que se desarrolla el documento técnico de condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación para el acceso y utilización de los espacios públicos urbanizados e do Decreto 35/2000 de 28 de xaneiro (polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de Accesibilidade e Supresión de Barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia).

A pendente lonxitudinal do viario ampliado ten unha pendente inferior a la pendente máxima lonxitudinal (6%) establecida para itinerarios peatonales accesibles na Orden VIV/561/2010 e a do 10% establecida no Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro polo que se cumpre a normativa de aplicación.

O viario ten unha pendente transversal do 2% sendo a pendente máxima transversal do (2%) para itinerarios peatonales accesibles segundo a Orden VIV/561/2010, de 1 de febreiro e no Decreto 35/2000, cumpríndose o citado nesta normativa a este respecto.

O ancho das beirarrúas proxectas é no seu punto máis estreito de 2,00m, superior aos 1,80 m esixidos para itinerarios peatonales accesibles na Orden VIV/561/2010, e no Decreto 35/2000; cumprindo así a preceptiva normativa.

En consecuencia ao exposto anteriormente, as zonas resultantes da ordenación do presente Plan de Dotacións., ten garantida a accesibilidade de acordo coa Orden VIV/561/2010, de 1 de febreiro e co Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro.

Calquera obra de acondicionamento exterior que sexa necesaria cumprirá a Orden VIV/561/2010, de 1 de febreiro e o Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro.

## **4. - NORMATIVA.**

## **4.1. - NORMAS XERAIS**

### **4.1.1. - OBXECTO E NATUREZA DO PLAN ESPECIAL**

Formúlase o presente Plan Especial de Dotación co obxecto de cualificar e ordenar unha parcela como dotacional e establecer as determinacións precisas que permitan a construción dun equipamento sanitario de Centro de Saúde, nun futuro próximo, cumprindo as esixencias legais en materia urbanística e garantindo a axeitada inserción da instalación prevista no medio territorial existente.

O Plan Especial formúlase segundo á posibilidade que outorga o artigo 68 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

### **4.1.2. - ÁMBITO DE APLICACIÓN**

O ámbito de aplicación deste Plan Especial correspóndese con varias parcelas clasificadas como SRAU segundo o PXOM de Narón.

Identifícanse nos correspondentes Planos de Información e Ordenación nas súas diferentes escalas.

### **4.1.3. - VIXENCIA**

A súa vixencia será indefinida ata a súa revisión ou a súa derogación por un documento urbanístico de rango superior.

### **4.1.4. - RÉXIME URBANÍSTICO APLICABLE**

O réxime urbanístico aplicable é o do solo rústico definido na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sen prexuízo de maiores limitacións establecidas no planeamento municipal vixente.

### **4.1.5. - SISTEMA DE OBTENCIÓN DE TERREOS DOTACIONAIS**

O sistema para a obtención dos terreos que non son de titularidade pública será a EXPROPIACIÓN.

#### **4.1.6. - INSTRUMENTOS DE DESENVOLVEMENTO**

O Plan Especial desenvolverase mediante proxectos de acondicionamento exterior así como de proxectos de edificación ou sinxelos proxectos de obras e instalacións.

Poderanse formular proxectos cuxa pretensión e determinacións refundan os tipos de proxectos enunciados no parágrafo anterior.

Os proxectos deberán detallar e programar as intervencións coa precisión necesaria para que poidan ser executadas por técnicos distintos do autor do mesmo.

Os proxectos non poderán modificar as previsións deste Plan Especial sen prexuízo das adaptacións a nivel de detalle xurdidas pola realidade física e topográfica.

Os proxectos conterán a documentación necesaria para a súa correcta posta en práctica, que como mínimo será a seguinte:

- Memoria descritiva da actuación.
- Plano de situación da zona de actuación en relación ao ámbito de aplicación do Plan Especial.
- Planos de información do ámbito territorial de actuación.
- Planos de Proxecto, reflectindo obras e actuacións a levar a cabo coa escala e nivel de detalle requirido.
- Prego de condicións técnicas e de condicións económico administrativas das obras e actuacións.
- Medicións, prezos descompostos e orzamento.

#### **4.1.7. - OBRIGAS DO PROMOTOR**

O Promotor do Plan Especial ten o deber de realizar a súa costa as obras de urbanización exteriores ao ámbito necesarias para conectalas redes de subministro de auga e evacuación de augas pluviais e residuais ás existentes de carácter público, subministro de electricidade e alumeadado público e dos servizos de telefonía, gas e R conforme aos trazados expostos nos Planos de Ordenación.



## 4.2. - NORMAS DE USO

### 4.2.1. - XENERALIDADES

O uso e actividade previsto no ámbito do Plan Especial é o de dotación sanitaria, en congruencia co destino, ao que se lle quere dar na actualidade, a este de equipamento básico.

### 4.2.2. - USOS PORMENORIZADOS

O Plan Especial establece os seguintes usos pormenorizados dentro do ámbito:

- Viaro público. Constitúe a franxa de terreo comprendida pola parte da AC-862 que se atopa dento do ámbito e polo terreo que partindo dende a AC-862 separa a área edificable da axardinada denominado Camiño de Lodairo.
- Área edificable. Constitúe a parte da parcela dotacional sobre a cal se contempla a construción do equipamento. Localizada na parte sueste do ámbito, estará destinada ao equipamento sanitario. A zona non ocupada pola edificación recibirá un tratamento axardinado ou, no seu caso, pavimentado, ao obxecto de conformar os accesos ao edificio. Nesta zoan localízase tamén unha fonte existente.
- Área axardinada. Localizada no borde oeste do ámbito e en contacto co viario de titularidade autonómica AC-862. Comprende a parte da parcela destinada a parque, xardín e espazos de estancia ao ar libre. Non se contempla nesta zona ningún tipo de edificación nin de urbanización, agás aquelas mínimas actuacións encamiñadas a resolver servizos públicos e pequenos kioscos. Permitirase a colocación de servizos urbanísticos baixo rasante.

## 4.3. - NORMAS DE ACONDICIONAMENTO EXTERIOR

### 4.3.1. - XENERALIDADES

- Enténdese por acondicionamento exterior aquelas actuacións que requiren a posta en obra de materiais e técnicas para a realización de muros, do viario previsto así como os espazos libres ou de recreo dotados de instalacións de servizos e elementos de xardinería.
- O acondicionamento exterior realizarase segundo o contido dos proxectos que a tal efecto se redacten seguindo as determinacións do presente Plan Especial e conteñan a documentación establecida no apartado 4.1.6.

- Os proxectos de acondicionamento exterior de redes públicas tramitaranse e aprobaranse segundo o disposto na lexislación urbanística. Serán informados polas administracións sectoriais que exerzan as súas competencias na actuación.
- A ocupación máxima en planta por superficies pavimentadas será como máximo do 50% do ámbito de actuación. Manterase polo tanto o estado natural dos terreos, en, polo menos, a metade da superficie do ámbito, dacordo coa xustificación do cadro seguinte.

	Norma	Cálculo	Resultado en proxecto
Superficie do Ámbito	-	-	14.882 m <sup>2</sup>
Superficie de Cálculo	Excluindo Sistemas Xerais Existentes	14.882-1.393	13.489 m <sup>2</sup>
Ocupación Máxima	20 %.superficie cálculo	13.489 x0'20	2.697 m <sup>2</sup>
Sistema Viario Xeral	-	-	1.393 m <sup>2</sup>
Sistema Viario Local	-	-	3.050 m <sup>2</sup>
Area edificación	-	-	6.142 m <sup>2</sup>
Área axardinada	-	-	4.297 m <sup>2</sup>
Estado natural terreo	50% ámbito (14.882/2= 7.441)	14.882-1.393-3.050-2.697	7.742 m <sup>2</sup> en estado natural

#### 4.3.2. - CONDICIÓN E TRATAMENTO DO APARCADOIRO

Considérase aconsellable o emprego de pezas colocadas en seco (lastro) cuxas características de colocación o deseño favorezan o crecemento dun tapiz vexetal entre os seus ocós ou xuntas.

#### 4.3.3. - CONDICIÓN DAS INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS TÉCNICOS

- O presente Plan Especial establece a necesidade de dotar á parcela das necesarias infraestruturas de servizos para o seu normal funcionamento:
  - Subministro de auga.
  - Evacuación de augas residuais e pluviais.
  - Subministro de electricidade.
  - Alumeado público.
  - Gas natural.
  - R.
  - Telefonía.

- O subministro realizarase dende os distintos puntos de acometida das redes existentes municipais. Todas as redes, que o necesiten, chegarán ás zonas requiridas enterradas baixo a rede viaria pública.

Os proxectos de acondicionamento exterior deberán xustificar a conveniencia de cada infraestrutura, establecendo os criterios de cálculo e deseño e contemplando a necesidade de conexión cos puntos de acometida.

- Contémplase subministro de auga para o rego das zonas axardinadas dos espazos libres así como para a dotación de auga sanitaria do edificio previsto.

O proxecto de acondicionamento exterior establecerán o trazado e características desta rede de xeito pormenorizado dende os puntos de acometida na rede pública existente. Discorrerá integramente enterrada baixo a rede viaria prevista neste Plan Especial.

- Contémplase a conexión coa rede pública de recollida de augas residuais e pluviais dos espazos libres e do edificio previsto.

O proxecto de acondicionamento exterior establecerán o trazado e características desta rede de xeito pormenorizado dende os puntos de acometida na rede pública existente. Discorrerá integramente enterrada baixo a rede viaria prevista neste Plan Especial.

- Contémplase a conexión coa rede eléctrica dos espazos libres e do edificio previsto.

O proxecto de acondicionamento exterior establecerán o trazado e características desta rede de xeito pormenorizado dende os puntos de acometida existentes. Discorrerá integramente enterrada baixo a rede viaria prevista neste Plan Especial.

- O alumeadado público contemplarase na zona de viario público, de titularidade municipal.

A iluminación do espazo público realizarase con racionalidade e evitando a contaminación luminosa segundo a ordenanza municipal de aplicación.

- Contémplase a conexión coa rede de gas do edificio previsto.

O proxecto de acondicionamento exterior establecerán o trazado e características desta rede de xeito pormenorizado dende os puntos de acometida existentes. Discorrerá integramente enterrada baixo a rede viaria prevista neste Plan Especial.

- Contémplase a conexión coa rede de telecomunicacións R do edificio previsto.

O proxecto de acondicionamento exterior establecerán o trazado e características desta rede de xeito pormenorizado dende os puntos de acometida existentes. Discorrerá integramente enterrada baixo a rede viaria prevista neste Plan Especial.

- Contémplase a conexión coa rede de telefonía do edificio previsto.

O proxecto de acondicionamento exterior establecerán o trazado e características desta rede de xeito pormenorizado dende os puntos de acometida existentes. Discorrerá integramente enterrada baixo a rede viaria prevista neste Plan Especial.

#### **4.3.4. - CONDICIÓN DE AXARDINAMENTO E MOBILIARIO NA ÁREA AXARDINADA OU ZONA VERDE**

- Os espazos serán tratados mediante o emprego de pavimentos, especies vexetais e mobiliario adaptado ás funcións propias da dotación planeada, tendo en conta a particularidade do colectivo usuario.

- Os espazos pavimentados deseñaranse con racionalidade.

Utilizaranse pavimentos preferentemente térreos, de madeira e pedra ou artificiais colocados en seco e deixando espazo entre a súas xuntas para facilitar a súa integración e mellorar as condicións drenantes.

- O resto do solo será convenientemente axardinado mediante plantación de céspede, arbustos e árbores autóctonos ou naturalizados en Galicia e que se adapten ás condicións microclimáticas e ambiente húmido da zona.
- As pequenas edificacións que se poidan construír tipo kiosco desmontables que serán acordes co medio no que se localizan en materiais e deseño. Terán unha superficie máxima de 5 m<sup>2</sup> e altura 3,0 m.
- A fonte existente na área edificable deberá manterse podéndose realizar na mesma obras de acondicionamento.

### **4.4. - NORMAS DE EDIFICACIÓN**

#### **4.4.1. - USO PREVISTO**

O edificio a construír será de uso sanitario que resolva as necesidades médicas da poboación de Narón.

#### **4.4.2. - TIPOLOXÍA EDIFICATORIA**

Segundo o uso e utilización prevista, contéplase un edificio de características arquitectónicas singulares, cuxas dimensións e proporción virán dadas como consecuencia dun programa de necesidades propio do uso ao que se vai destinar.

#### **4.4.3. - ALTURA DO EDIFICIO**

- Altura máxima de cornixa da edificación non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta. Excepcionalmente, poderá exceder os 7 metros de altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, fixesen imprescindible excedelos nalgún dos seus puntos
- Forma da cuberta: A cuberta poderá ser plana ou construída mediante planos inclinados. No caso de executar unha cuberta plana o material de acabado será de orixe natural (pavimento pétreo, grava, céspede, etc.). En caso de executar unha cuberta inclinada, utilizarase tella como material de cobertura e acabado ou ben metais nobres como o cobre ou zinc.
- Pendente máxima dos faldóns de cuberta 40°.
- Elementos que poden sobresaír por riba da altura máxima: Unicamente poderán sobresaír, sempre de forma puntual, elementos vinculados a instalacións técnicas do edificio, como elementos de ventilación forzada, volume de ascensor, pararraios, aire acondicionado, etc.

#### **4.4.4. - OCUPACIÓN MÁXIMA**

- Ocupación máxima será o 20% da superficie total do ámbito do plan especial de dotacións, excluindo a superficie do viario de sistema xeral existente.

Esta ocupación materializarase exclusivamente á "área edificable" da parcela, conforme á zonificación proposta polo Plan, agás para as pequenas edificacións que se poidan construír tipo kiosco que se poderán colocar na Área Axardinada.

Enténdese por ocupación a superficie de solo resultado da proxección vertical da superficie edificada en calquera das plantas do edificio excepto os beirís de cuberta e cornixa.

#### **4.4.5. - SUPERFICIE EDIFICABLE**

A superficie edificable do edificio virá dada como resultado de aplicar á superficie ocupada e a altura máxima permitida e o soto correspóndese coa superficie máxima ocupada.

#### **4.4.6. - PLANTAS PERMITIDAS**

Conforme ao cumprimento da altura máxima, o edificio poderá desenvolver dúas plantas sobre rasante.

Permítese a construción de soto e/ou semisoto, coas limitacións de uso establecidas lexislación sectorial que regule o uso e actividade prevista para o edificio e o establecido no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Narón.

#### **4.4.7. - SEPARACIÓN DO EDIFICIO AOS LINDEIROS CON OUTRAS PARCELAS**

A condición de edificio illado esixe a separación aos lindes con outras parcelas. Dita separación será de ao menos 5,00 metros.

Conforme á zonificación proposta, a separación será esixible no lindeiro norte e sur da parcela.

#### **4.4.8. - CONDICIÓN DE INTEGRACIÓN E DE ACABADO**

A singularidade do edificio esixe a consideración de aquelas cuestións que afecten á imaxe final do edificio e a súa integración nun medio rural alterado.

Neste senso, considérase que o edificio debe contribuír a dignificar unha imaxe hoxe en día alterada polas infraestruturas e as edificacións circundantes.

Segundo a zonificación proposta, a edificación implantarase sobre terreo existente. Non se admitirán novos movementos de terra, agás os necesarios e vinculados á superficie de solo ocupada pola edificación e ao acondicionamento exterior.

O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións existentes no solo rústico do contorno. No caso de que resulte imprescindible excedelo por esixencias do uso ou da actividade autorizable, procurará descompoñerse en dous ou máis volumes conectados entre si co fin de adaptar as volumetrías ás tipoloxías propias do medio rural. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

A Memoria do Proxecto xustificará a elección de materiais, buscándose aqueles materiais de acabado nos que a textura e cor se integren cos predominantes na paisaxe.

#### **4.4.9. - CONDICIÓN DO PECHE**

O peche será preferentemente vexetal, sen que o realizado con material opaco de fábrica supere a altura de 1,5 metros. En todo caso, débese realizar con materiais tradicionais do medio rural no que se localicen, non permitíndose o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determine.

#### **4.5. - REQUISITOS DERIVADOS DO INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE INFRAESTRUTURAS (CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS)**

En base ao informe emitido con data de 5 de abril de 2010 pola Dirección Xeral de Infraestruturas será necesario que se tomen en conta as seguintes consideracións respecto á estrada de titularidade autonómica AC-862:

- A correcta definición xeométrica, tanto en planta como en alzado, da conexión prevista, así como a correcta sinalización tanto horizontal como vertical da mesma, deberán ser introducidas no Proxecto de Urbanización.
- O citado proxecto deberá ser autorizado polo Servizo Provincial de Estradas da Coruña.
- Por último indicar que dadas as características urbanas, este treito deberá pasar a ser de titularidade municipal mediante o correspondente convenio de traspaso, tal como está previsto na planificación desta Dirección Xeral, o cal debería estar executado no momento de redacción do proxecto de urbanización.

#### **4.6. - REQUISITOS DERIVADOS DO INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL (CONSELLERÍA CULTURA E TURISMO)**

En base ao informe emitido con data de 26 de maio de 2010 pola Dirección Xeral de Infraestruturas non será necesario imporlle ao documento ningunha cautela ou determinación cara a protección do patrimonio arquitectónico ou etnográfico.

## **4.7. - ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS**

Establécese o presente punto en cumprimento do Real Decreto 505/2007, de 20 de abril, por el que se aprueban las condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación de las personas con discapacidad para el acceso y utilización de los espacios públicos urbanizados y edificaciones (en adiante RD 505/2007), e da Orden VIV/561/2010, de 1 de febrero por la que se desarrolla el documento técnico de condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación para el acceso y utilización de los espacios públicos urbanizados. Dáse cumprimento tamén á Lei 8/1997 de accesibilidade e supresión das barreiras arquitectónicas (en adiante LASB), e do Decreto 35/2000, Regulamento que desenvolve a lei anterior (RASB).

Do Capítulo II do RD 505/2007 dedúcese a necesidade de diferenciar entre itinerarios peatonais, elementos de urbanización, puntos de cruce e entradas e saídas de vehículos, mobiliario urbano, aparcamentos e elementos de control e protección de tráfico rodado, obras e intervencións na vía pública, actividades comerciais na vía pública e sinalización e información accesibles á entrada en vigor da presente normativa, e o futuro acondicionamento exterior que se poida construír e desenvolver no futuro, en desenvolvemento do Plan de Dotacións. Ao tempo do Art.5 da LASB dedúcese a necesidade de diferenciar entre a urbanización, vías públicas, parques, espazos de uso público, servizos e mobiliarios urbanos, existentes á entrada en vigor da presente normativa, e a futura urbanización que se poida construír e desenvolver no futuro, en desenvolvemento do Plan Xeral.

Adecuación do Plan de Dotacións aos criterios fixados no RD 505/2007, na Orden VIV/561/2010, na LASB e no Decreto 35/2000.

### **1.A.-Condicións de accesibilidade nos itinerarios.**

Os correspondentes proxectos de acondicionamento exterior desenvolverán aqueles aspectos que lle son propios dando cumprimento á Orden VIV/561/2010.

As pendentes lonxitudinais proxectadas no viario proposto dentro do ámbito do presente Plan Especial ten una pendente inferior á pendente máxima lonxitudinal (6%) establecida para itinerarios peatonais accesibles segundo a Orden VIV/561/2010 (o Decreto 35/2000 establece como pendente máxima lonxitudinal o10% establecida polo que se cumpre co mesmo).

O viario proxectado ten unha pendente transversal del 2% (Ver plano O 13), igual á pendente máxima transversal (2%) establecida para itinerarios peatonais accesibles segundo a Orden VIV/561/2010 e o Decreto 35/2000.



### **1.B.- Condición de accesibilidade en parques, xardíns e espazos libres.**

Os espazos integrantes no sistema de espazos libres, reunirán as condicións de superficie e topografía que fagan posible o cumprimento da lexislación de accesibilidade.

### **1.C.-Condición de accesibilidade dos aparcadoiros.**

As zonas reservadas a aparcadoiros vinculadas maiormente a rede viaria, reunirán as condicións reguladas na lexislación sobre accesibilidade.

Cumpriranse as dimensións establecidas no artigo 35 da Orden VIV/561/2010, en canto a dimensións mínimas das prazas de aparcadoiro para minusválidos có acceso correspondente dende a beirarrúa, cumprindo tamén coas dimensións establecidas no apartado 1.3 do código de accesibilidade:

- Aparcadoiro en Ringleira: 2,20 m x 6,50 m
- Aparcadoiro en batería perpendicular: 5,00 m x 2,20 m máis zona de aproximación de 1,50m.

### **1.D.-Características dos elementos de urbanización e mobiliario urbano.**

Os proxectos de acondicionamento exterior ou dotación de servizos, desenvolverán aqueles aspectos que garantan o cumprimento da lexislación sobre accesibilidade.

As dimensións establecidas polo presente plan para seccións de rúa, garanten a posibilidade de correcta situación do mobiliario urbano e dos servizos. Concretamente respectarase un paso libre de obstáculos de 1,80 m de ancho por 2,20 m de altura.

Calquera obra de acondicionamento exterior que sexa necesaria cumprirá a Orden VIV/561/2010, de 1 de febreiro e o Decreto 35/2000.

## **5. - PLAN DE ETAPAS**

## **5.1. - OBXECTIVOS E CRITERIOS**

O obxectivo da actuación consiste na construción dun Centro de Saúde. Como criterio esencial estarase ao disposto na lexislación en materia urbanística, cumprindo todas e cada unha das sucesivas fases que a norma establece.

## **5.2. - PRAZOS E ETAPAS**

O desenvolvemento da actuación será inmediata, una vez aprobado definitivamente o presente documento e realizado o correspondente sistema de expropiación.

Unha vez aprobado definitivamente el Proxecto de Acondicionamento Exterior procederase, ao día seguinte, á execución do mesma, que se prevé que finalice en aproximadamente tres meses.

Una vez finalizado o acondicionamento exterior procederase a súa entrega á Consellería de Sanidade. Cabe destacar que esta urbanización poderá, en función da marcha das obras de edificación, sufrir algún retraso, có fin de evitar o seu deterioro no proceso construtivo.

Dadas as características da actuación a realizar farase todo nunha única etapa.

## **6. - VALORACIÓN ECONÓMICA**

A continuación preséntase unha valoración aproximada dos custos para a obtención dos terreos e da execución das obras de acondicionamento exterior que o Concello de Narón debe afrontar para o desenvolvemento do presente Plan de Dotacións.

Dos datos de superficies obtidos nos cadros anteriores xorden os parámetros básicos para o cálculo estimado da inversión total das obras de acondicionamento exterior que o Concello de Narón debe afrontar en concepto de conexións coas redes de infraestruturas existentes e a realización das novas que se pretenden executar no ámbito da actuación. O custo aproximado da urbanización resúmese na seguinte táboa:

CAPÍTULO		EUROS	%
1	MOVIMENTO DE TERRAS.....	77.715,09	20,88
2	PAVIMENTACIÓN E VIAIS .....	115.908,16	31,14
3	REDE DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGUA.....	21.012,33	5,64
4	REDE DE ABASTECIMIENTO DE AGUA.....	11.583,67	3,11
5	REDE DE TELEFONÍA/R .....	29.582,56	7,95
6	REDE GAS .....	14.411,34	3,87
7	REDE ELÉCTRICA .....	14.569,10	3,91
8	CENTRO DE TRANSFORMACIÓN .....	19.524,53	5,24
9	ALUMENADO PÚBLICO .....	24.494,82	6,58
10	REDE DE REGO .....	2.600,54	0,70
11	XARDINERÍA.....	10.246,03	2,75
12	MOBILIARIO URBANO E XOGOS INFANTIS .....	6.446,25	1,73
13	SINALIZACIÓN .....	2.235,32	0,60
14	CONTROL DE CALIDADE.....	6.391,61	1,72
15	SEGURIDADE E SAUDE .....	11.728,27	3,15
-15.01	-EQUIPAMENTO.....	4.971,06	
-15.02	-PROTECIÓNS.....	3.511,36	
-15.03	-PREVENCIÓN.....	3.245,85	
16	XESTIÓN DE RESIDUOS DA CONSTRUCCIÓN .....	3.821,00	1,03
<b>TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL</b>			<b>372.270,62</b>

O valor da expropiación dos terreos e bens xustificanse no Anexo VIII do presente documento.

Na seguinte táboa reflíctense o total do custo estimado:

CUSTO TOTAL EXPROPIACIÓN	516.479,84 €
CUSTO DA URBANIZACIÓN ESTIMADO	372.270,62 €
<b>CUSTO TOTAL ESTIMADO</b>	<b>888.750,46 €</b>

A Coruña febreiro do 2011  
ASDO: Carolina Cajide Barbeito.  
Arquitecto COAG nº 3.240

## **7. - ÍNDICE DE PLANOS**

**PLANOS DE INFORMACIÓN**

I 01	Encadre xeográfico	E: 1/ 50.000
I 02	Plano de situación	E: 1/ 5.000
I 03	Plano isométrico	E: 1/ 2.000
I 04	Plano usos do solo	E: 1/ 2.000
I 05	Sistema xeral viario e ferroviario segundo PXOM	E: 1/ 3.000
I 06	Fotografía aérea	E: 1/ 3.000
I 07	Estrutura da propiedade	E: 1/ 1.000
I 08	Perfís do terreo	E: 1/ 1.000
I 09	Rede abastecemento	E: 1/ 2.000
I 10	Rede saneamento	E: 1/ 2.000
I 11	Rede pluviais	E: 1/ 2.000
I 12	Rede eléctrica	E: 1/ 2.000
I 13	Rede gas	E: 1/ 1.500
I 14	Rede telecomunicacións R	E: 1/ 1.500
I 15	Rede telecomunicacións telefonía	E: 1/ 1.500
I 16	Clasificación do solo segundo PXOM	
	Clasificación do Solo do Termo Municipal	
	Plano E	E: 1/ 5.000
I 17	Clasificación do solo segundo PXOM	
	Usos pormenorizados solo urbano	
	Planos 1.2D e 1.2.E	E: 1/ 2.000

**PLANOS DE ORDENACIÓN**

O-01	Zonificación	E: 1/1.000
O 02	Rede viaria.Trazado	E: 1/ 1.000
O 03	Rede viaria.Perfil lonxitudinal	E: 1/ 500
O 04	Rede viaria.Trazado cruce AC-862	E: 1/ 500
O 05	Rede abastecemento	E: 1/ 1.000
O 06	Rede saneamento	E: 1/ 1.000
O 07	Rede pluviais	E: 1/ 1.000
O 08	Rede eléctrica	E: 1/ 1.000
O 09	Rede de alumeado	E: 1/ 1.000
O 10	Rede gas	E: 1/ 1.000
O 11	Rede telecomunicacións R	E: 1/ 1.000
O 12	Rede telecomunicacións telefonía	E: 1/ 1.000
O 13	Sección tipo rúa municipal	E: 1/ 75



## **8. - ANEXOS**


**ANEXO I** Informes previos á aprobación definitiva da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas)



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de  
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edif. Admto. San Caetano,  
Bloque 3  
15781 Santiago de Compostela

PTU-AC-10/034  
PE INFRAES. E DOTAC. FREIXEIRO  
NARÓN (A CORUÑA)  
Doc. AD  
Páx. 1 de 1



Sr. Alcalde do Concello de Narón  
(A Coruña)

Achégolle informe previo á aprobación definitiva – artigo 86.1.d) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia-, relativo ao **Plan especial de infraestruturas e dotacións en Freixeiro, no Concello de Narón, para a implantación dun centro de saúde.**

Santiago de Compostela, 07 de febreiro de 2011

Subdirector Xeral de Urbanismo



Eduardo Sobrino Rodríguez

Concello de Narón  
Registro Xeral  
ENTRADA  
Fecha 08-02-11 09:55:50  
Num. 2.539  
Edificabilidade



PTU AC 10 034  
NARÓN (A CORUÑA)  
PE INFRAESTRUTURAS E  
DOTACIÓNS EN FREIXEIRO  
2º Informe previo AD  
Páxina 1 de 1

## **INFORME PREVIO Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS EN FREIXEIRO, CONCELLO DE NARÓN (A CORUÑA) PARA A IMPLANTACIÓN DUN CENTRO DE SAÚDE.**

O Concello de Narón remite o plan especial referido, solicitando de novo o informe previo á aprobación definitiva, conforme ao artigo 86.1.d) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

### **I. ANTECEDENTES.**

1. A Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en data 17/09/10, emitiu informe previo á aprobación definitiva, conforme ao artigo 86.1d) da LOUG, no que se indicaban deficiencias que debían ser corrixidas e a necesidade de solicitar un novo informe.
2. Consta informe favorable técnico-xurídico sobre o documento corrixido, da xefa dos servizos xurídicos de urbanismo e do arquitecto municipal, de 27/10/2010, conforme ao 86.1.c) LOUG.
3. O Plan Especial foi aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno Local o 28/10/2010.
4. O concello solicitou, o 29/10/2010, a emisión do informe previsto no artigo 86.1.d) da LOUG.
5. En data 17/12/10 devolveuse o documento ao concello, por canto o ámbito encóntrase dentro dos atinxidos pola suspensión das actuacións establecida pola Orde da consellería do 23/07/2010 pola que se aproba inicialmente o Plan de Ordenación do Litoral.
6. O concello solicita de novo a emisión do informe por medio dun escrito de data 10/01/2011, achegando informe da Subdirección Xeral de Paisaxe e Territorio sobre a non afectación do plan especial de infraestruturas e dotacións pola suspensión cautelar da Orde do 23/07/2010.

### **II. INFORME.**

O documento modificado de Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para a implantación dun Centro de Saúde, incorpora na súa Memoria a xustificación da súa delimitación e a factibilidade da inserción nun posterior plan de sectorización do restante terreo clasificado como solo rústico apto para urbanizar.

Ademais, o plan establece claramente na súa normativa a obriga do cumprimento do disposto no artigo 42.1d) da LOUG en canto ao mantemento como mínimo nun 50% da superficie dos terreos das parcelas en estado natural.

En consecuencia, poden considerarse corrixidas as deficiencias sinaladas no anterior informe desta Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 17/09/2010.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2011

**A SECRETARIA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO**



M<sup>a</sup> Encarnación Rivas Díaz



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de  
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edif. Admivo. San Caetano,  
Bloque 3  
15781 Santiago de Compostela



**XACOBEO 2010**  
Galicia

**FAX**

Fax nº: 981 337701

Data: 20 de setembro de 2010

A: Concello de Narón

Á atención de: Sr. Alcalde

De: Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Nº páxinas (incluída  
esta):

4

Achégolle informe previo a aprobación definitiva do Plan Especial de Infraestruturas e dotacións en Freixeiro, nese concello.






**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
 Secretaría Xeral de  
 Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edif. Admto. San Caetano,  
 Bloque 3  
 15781 Santiago de Compostela



**XACOBEO 2010**  
 Galicia

PTU-AC-10/034  
 NARÓN (A CORUÑA)  
 PE de dotacións en Freixeiro  
 Doc. AD



Sr. Alcalde do Concello de Narón  
 (A Coruña)

Achégolle informe previo á aprobación definitiva - artigo 86.1.d) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia-, do Plan especial de infraestruturas e dotacións en Freixeiro, nese concello.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2010

Subdirector Xeral de Urbanismo

Eduardo Sobrino Rodríguez



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
 Secretaría Xeral de  
 Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edif. Adm'tvo. San Caetano,  
 Bloque 3  
 15781 Santiago de Compostela



**XACOBEO 2010**  
 Galicia

FTU AC 10 084  
 NARÓN (A CORUÑA)  
 PEI DOTACIÓNS FREIXEIRO  
 INFORME PREVIO A.D.  
 Páxina 1 de 2

## **INFORME PREVIO Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS EN FREIXEIRO, CONCELLO DE NARÓN (A CORUÑA).**

O Concello de Narón remite o proxecto de Plan Especial referido, solicitando informe previo á aprobación definitiva, conforme ao previsto no artigo 86.1.d) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

### **I. ANTECEDENTES.**

1. O concello de Narón dispón, na actualidade vixente, dun PXOM aprobado definitivamente polo Concello o 22/04/2002, ao abeiro da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia.
2. O Plan Especial, promovido polo propio concello de Narón, foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local en data 11/02/2010. Sometido a información pública polo prazo dun mes (DOG do 02/03/2010, *La Voz de Galicia* e o *Diario de Ferrol* do 03/03/2010) e notificado o acordo aos propietarios (con publicación no BOP do 04/03/2010 para os non identificados) presentáronse catro alegacións, segundo a certificación de Secretaría do 08/04/2010.
3. A Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible decidiu non someter o Plan Especial ao procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica establecido na Lei 9/2006 (Decisión do 11/12/2008, publicada no DOG do 02/02/2009).
4. No expediente remitido constan os seguintes informes sectoriais:
  - Informes favorables da Dirección Xeral de Infraestruturas, de 20/10/2009 e 5/04/2010.
  - Informes favorables da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de 29/03/2010 e 28/05/2010.
  - Informe da Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde, do 31/03/2010.
5. A Xunta de Goberno Local aprobou unha modificación do ámbito, como consecuencia do informe emitido pola Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde, en data 22/04/2010.
6. Constan informes de Unión Fenosa, de R e Telefónica, e de Gas Galicia; así como informe da empresa responsable do abastecemento e saneamento municipal.
7. Consta informe técnico-xurídico da xefa dos servizos xurídicos da sección de urbanismo e do arquitecto municipal, de data 12/07/2010, conforme ao artigo 86.1.c) da LOUG.
8. O Plan Especial foi aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno Local do 15/07/2010.
9. O Concello solicitou, mediante escrito que tivo entrada na Xunta de Galicia o 21/07/2010, a emisión do informe previsto no artigo 86.1.d) da LOUG.
10. A documentación remitida consiste en expediente administrativo, un exemplar do proxecto con dilixencia de aprobación inicial e outro exemplar con dilixencia de aprobación provisional.

### **II. OBXECTO DO PLAN ESPECIAL PROPOSTO.**

1. O Plan Especial pretende posibilitar o establecemento dun centro de saúde de titularidade pública nun ámbito clasificado como Solo Rústico Apto para urbanizar (co réxime do Solo



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
 Secretaría Xeral de  
 Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edif. Adm'tvo. San Caetano,  
 Bloque 3  
 15781 Santiago de Compostela



**XACOBEO 2010**  
 Galicia

PTU AG 10 034  
 NARÓN (A CORUÑA)  
 PEI DOTACIÓNS FREIXEIRO  
 INFORME PREVIO A.D.  
 Páxina 2 de 2

Urbanizable Non Delimitado conforme á Disposición Transitoria Primeira da LOUG) lindeiro co solo urbano e próximo a diversos equipamentos existentes.

2. O Plan fundamenta o emprazamento desta dotación en solo rústico en que non existen no solo urbano do concello parcelas libres de suficiente dimensión para este uso. Indícase ademais que os terreos nos solos urbanizables que se están a desenvolver non son adecuados para este uso pola súa distancia respecto da zona na que reside a maioría da poboación municipal.

### III. INFORME.

Logo de analizar a documentación remitida polo concello, e visto o informe subscrito pola Subdirección Xeral de Urbanismo, emítense o seguinte Informe:

#### 1. Motivación do Plan Especial.

A finalidade de establecemento de dotacións urbanísticas básicas entra dentro das dos plans especiais cando o planeamento xeral municipal non contívese as previsións detalladas oportunas, o que lexítima os obxectivos deste Plan Especial non previsto (artigo 68.2 da LOUG e artigo 76.3 do Regulamento de planeamento aprobado por Real decreto 2159/1978).

#### 2. Ámbito do Plan Especial.

O ámbito ten unha superficie de 14882 m<sup>2</sup>, e inclúe un tramo dunha vía municipal existente que o atravesa e os terreos situados ao norte e sur deste viario.

A delimitación non se axusta ao parcelario existente e deixa unha franxa de solo Rústico Apto para Urbanizar de difícil inserción nun posterior plan de sectorización.

A normativa do plan especial non asegura o cumprimento do disposto no artigo 42.1d da LOUG en canto ao mantemento do estado natural dos terreos como mínimo do 50% da superficie das parcelas.

En consecuencia de todo o anterior, considérase que deberán corrixirse as deficiencias sinaladas neste informe con anterioridade a súa aprobación definitiva, e logo da oportuna tramitación solicitar novo informe á Consellería segundo o establecido no artigo 86.1d) da LOUG.



Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2010

SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

*Margarita Rivas Díaz*  
 Margarita Rivas Díaz



**ANEXO II** Xustificación do cumprimento do establecido no Informe previo á aprobación definitiva de data 17 de setembro de 2010 da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas)

## **ÍNDICE**

### **1.- OBXECTO DO ANEXO**

### **2.- XUSTIFICACIÓN DA INSERCIÓN DUN FUTURO PLAN DE SECTORIZACIÓN NO VENTO LESTE DO ÁMBITO**

### **3.- XUSTIFICACIÓN DO MANTEMENTO DO ESTADO NATURAL DOS TERREOS**

### **4.- PLANOS**

Plano de Información I07 Estrutura da Propiedade	E: 1/1.000
Delimitación do Solo Urbano segundo Plano 1.1 E do PXOM de Narón	E: 1/2.000

## 1.- OBXECTO DO ANEXO

O presente anexo formúlase co obxecto de xustificar as determinacións establecidas no informe emitido con data de 17 de setembro de 2010 pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas).

No citado informe establecíase que dado que a delimitación proposta non se axustaba ao parcelario existente deixábase unha franxa de solo rústico Apto para Urbanizar de difícil inserción nun posterior plan de sectorización.

Ao tempo indicábase que a normativa do Plan especial non aseguraba o cumprimento do disposto no artigo 42.1d da LOUG en canto ao mantemento do estado natural dos terreos como mínimo do 50% da superficie das parcelas.

## 2.- XUSTIFICACIÓN DA INSERCIÓN DUN FUTURO PLAN DE SECTORIZACIÓN NO VENTO LESTE DO ÁMBITO

Tal como se pode observar no plano *I 07 Estrutura da propiedade*, que forma parte do documento do Plan Especial e deste Anexo, esta actuación afecta a un conxunto de dezoito parcelas segundo o levantamento topográfico realizado, que teñen, xunto coa parte da estrada de titularidade autonómica AC-862 á que da fronte e desde o eixo da mesma e incluíndo o camiño de titularidade municipal, denominado Camiño do Lodairo, que atravesa ao ámbito en diagonal, unha superficie de 14.882 m<sup>2</sup>.

Os condicionantes que se tiveron en conta para a delimitación do ámbito de actuación son, segundo os ventos, os seguintes:

- Vento Norte: a delimitación do ámbito fórmase na seu vento norte unha liña perpendicular ao eixo da estrada AC-862 que se adapta ao parcelario existente naqueles puntos onde non se quixo deixar fora ou incluír partes de predios de pequenas dimensións. O límite do ámbito neste vento veu condicionada pola separación de 100m ao Río Freixeiro.
- Vento Sur: a delimitación do ámbito está formada por unha liña quebrada que é froito de adaptarse ao parcelario existente, agás naquelas partes dos predios ocupados por edificacións nas que se deixaron 25m de distancia ao eixo do viario existente, viario que é o límite do solo urbano (ver plano do presente anexo *Delimitación do Solo urbano segundo Plano 1.1 E do PXOM de Narón*).
- Vento Leste: conforma este vento un camiño e dúas vivendas existentes.
- Vento Oeste: configura este vento a estrada de titularidade autonómica AC-862 coñecida como Estrada de Castela.

Como se pode observar a bolsa de terreo que conforma o ámbito do Plan Especial está rodeada en todo o seu contorno, agás no seu vento oeste que está en contacto coa estrada de titularidade autonómica AC-862, por solo clasificado como Solo Rústico Apto para Urbanizar polo que non queda ningunga franxa de terreo de difícil inserción nun posterior plan de sectorización pois existe continuidade espacial que permite esta integración nun ámbito maior a 30.000 m<sup>2</sup>, (superficie mínima esixida no PXOM) e pódese así completar nun futuro a ordenación entorno ao futuro Centro de saúde.

### 3.- XUSTIFICACIÓN DO MANTEMENTO DO ESTADO NATURAL DOS TERREOS

Modifícase a redacción da normativa, dentro das normas de acondicionamento exterior, do apartado 4.3.1. *Xeneralidades* (páxina 33 da Memoria do Documetno para aprobación definitiva) inserindo o seguinte parágrafo, co fin de dar cumprimento ao indicado pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.



- A ocupación máxima en planta por superficies pavimentadas será como máximo do 50% do ámbito de actuación. Manterase polo tanto o estado natural dos terreos, en, polo menos, a metade da superficie do ámbito, de acordo coa xustificación do cadro seguinte:

	Norma	Cálculo	Resultado en proxecto
Superficie do Ámbito	-	-	14.882 m <sup>2</sup>
Superficie de Cálculo	Excluíndo Sistemas Xerais Existentes	14.882-1.393	13.489 m <sup>2</sup>
Ocupación Máxima	20 %.superficie cálculo	13.489 x0'20	2.697 m <sup>2</sup>
Sistema Viario Xeral	-	-	1.393 m <sup>2</sup>
Sistema Viario Local	-	-	3.050 m <sup>2</sup>
Area edificación	-	-	6.142 m <sup>2</sup>
Área axardinada	-	-	4.297 m <sup>2</sup>
Estado natural terreo	50% ámbito (14.882/2= 7.441)	14.882-1.393- 3.050-2.697	7.742 m <sup>2</sup> en estado natural

#### **4.- PLANOS**

Plano de Información I07 Estructura da Propiedade E: 1/1.000

Delimitación do Solo Urbano  
segundo Plano 1.1 E do PXOM de Narón E: 1/2.000



**PLAN ESPECIAL DE DOTACIONES EN FREIXEIRO**

DOCUMENTO PARA APROBACION DEFINITIVA

PLANO  
ESTRUTURA DA PROPIEDAD

data  
OCTUBRO 2010


nº plano  
**107**

escala  
1:1000

CAROLINA CAJIDE BARBEITO  
Arquitecta COAG 3.240  
carolina.cajide.arq@gmail.com  
637 42 01 63

K.2 Estrada-Fito quilométrico. ---+---+ Líña eléctrica, alta tensión. o u Depósito Elevado - Mulfro de vento. ---+---+ Límite de concello. Invernadoiro. M Manantial-Fonte-Pozo.  
 Corredoiro. ---+---+ Líña eléctrica, media tensión. s Punto Importante. ---+---+ Límite do Dominio Público Marítimo - Terrestre. Rios-Arrols. Piscina-Estanque-Transformador.  
 Carreiro. ---+---+ Muro, parede ou tapia. ---+---+ Límite de parcela. Canle. Torre metélica-Poste.  
 F.C. Ancho normal vía única. Igrexa Edificio público ou singular. Rego. Presa. Monte - Prado. Terreo de Cultivo. Masa de Arbores.  
 F.C. Vía estreita única. Edificio privado. Vertice topográfico-P. de apoio. Curvas de nivel-Cotas.

---+---+ LÍMITE SOLO URBANO  
 ---+---+ ÁMBITO PLAN ESPECIAL DE DOTACIONES



- SOLO DE NÚCLEO RURAL
- SOLO URBANO
- ÁMBITO PLAN ESPECIAL DE DOTACIONES

**PLAN ESPECIAL DE DOTACIONES EN FREIXEIRO**

DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA PLANO <b>DELIMITACIÓN DO SOLO URBANO          SEGUNDO PLANO 1.1.E DO PXOM DE NARÓN</b>	data OUTUBRO 2010 escala 1:2000	CAROLINA CAJIDE BARBEITO Arquitecto COAG 3.240 carolina.cajide.arq@gmail.com 637.42.01.63
---	--	--

**ANEXO III** Proposta sobre protocolo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Narón para execución das obras de construción dun novo centro de saúde





**DON ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI**, Secretario Xeral do Concello de Narón ( A Coruña)

**CERTIFICA:** Que o Concello Pleno, na sesión extra que tivo lugar o día 18 de novembro de 2008, adoptou entroutros, o acordo seguinte: "**5-PROPOSTA SOBRE PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE NARÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE.**"- Lida polo Secretario Xeral a proposta que di así: Visto o texto do protocolo sinalado no encabezamento desta proposta.

Considerando os acordos adoptados polo Pleno municipal deste Concello de Narón, nos que se sinala a necesidade de executar un único centro de saúde, novo, que veña a solventar e dar satisfacción ás necesidades dos vecinos/as de Narón.

Visto o ditame favorable por maioría (coas abstencións dos representantes do PP e do BNG (3 + 2 votos) e a favor dos membros de TEGA e do PSdeG-PSOE (5 + 1) da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Servizos do 15 de decembro dos correntes, o seu Presidente propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao texto do PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE NARÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE, que acompaña a esta proposta como Anexo I, se ben se introducen ao seu texto as seguintes matizacións, que deben ser incorporadas so mesmo:

1º.- O SERGAS, tras a recepción da obra e a posta en funcionamento do novo centro de saúde, entregará libre de cargas e gravames e en debidas condicións de mantemento, o actual inmobile destinado a centro de saúde, sito no Alto do Castaño na localidade de Narón (rúa 25 de xullo), ASÍ COMO O MOBILIARIO DESE EDIFICIO EN IDÉNTICAS CONDICIÓNS XURÍDICAS E DE MANTEMENTO.

2º.- Deberá incluírse unha nova cláusula que recolla as aportacións municipais para os vindeiros exercizos económicos do xeito que segue:

ANO 2009:	100.000,00 EUROS
ANO 2010:	1.000.000,00 EUROS
ANO 2011:	1.600.000,00 EUROS

3º.- Se resultara necesario poderá prorrogarse o periodo de vixencia do convenio por acordo da ambalás dúas partes.

SEGUNDO.- Dar conta deste acordo á Intervención municipal de Fondos ao obxecto de efectuar as previsións orzamentarias que precisas resulten.

TERCEIRO.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Narón para a sinatura do devandito Protocolo, así como para a realización e execución de calquera acto que preciso resulte para a efectividade destes acordos.

**VOTACIÓN E ACORDO.**- O Concello Pleno, por maioría con 7 abstencións ( 4 PP+3 BNG) e 13 votos a favor (3 Psde G-PSOE+ 10 TEGA) , aprobou a proposta transcrita.

*E para que conste e surta efectos esténdese a presente certificación, facéndolle constar que a acta onde se recolle o acordo anterior está pendente de aprobación, en Narón, o dezaioito de decembro de dous mil oito.*

V.e pr.

O ALCALDE



Asdo.- Juan Gato Díaz.



**PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O  
CONCELLO DE NARÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN  
DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE.**

En Santiago de Compostela, de decembro de 2008

**REUNIDOS**

Dunha parte, a Sra. **D<sup>a</sup>. María José Rubio Vidal**, actuando en representación do Servizo Galego de Saúde da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de Presidente e no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e no artigo 3 do Decreto 46/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e de conformidade co establecido no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía de Facenda de data 8 de abril de 1991 ( DOG núm. 82, do 30 de abril).

Doutra parte o Sr. **D. Juan Gato Díaz**, actuando en nome e representación do Concello do Narón, en virtude da súa condición de Alcalde - Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

As partes intervinientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente protocolo, e para iso,

## EXPOÑEN

Que a fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da colectividade, mediante unha máis rápida atención asistencial ao cidadán, faise necesario construír un novo centro de saúde no Concello de Narón.

Conscientes de dita necesidade as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso e a fin de levar adiante o proxecto das citadas obras de construción no Concello de referencia, é necesario a concorrencia de medios e achegas de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido de dita cooperación.

Por todo isto, formalizan o presente protocolo de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

**Primeira.-** O obxecto do presente Protocolo é establecer a colaboración entre o Concello de Narón e o Servizo Galego de Saúde para a construción dun novo centro de saúde no Concello de Narón.

**Segunda.-** O Concello de Narón obrígase a ceder a favor do Servizo Galego de Saúde, libre de cargas e gravames, unha parcela ordenada urbanisticamente para a construción dun novo centro de saúde, así como a obter os permisos e autorizacións que foran necesarios para executar as obras de construción do centro de saúde.

**Terceira.-** O Concello de Narón asumirá todos os gastos necesarios para dotar á parcela do centro de saúde das infraestruturas necesarias, tales como accesos rodados e peonís, abastecemento de auga, saneamento, subministración eléctrica, alumeados, telefonía, etc..., obrigándose a que estean totalmente executadas antes do inicio das obras polo Servizo Galego de Saúde.

**Cuarta.-** O Servizo Galego de Saúde comprométese á elaboración, e de ser o caso, á supervisión e á aprobación do proxecto técnico, así como a contratar, dirixir e executar as obras de construción do centro de saúde, con cargo aos seus orzamentos. Para tal fin, a Corporación deberá facilitarlle ao dito organismo, toda a documentación que sexa necesaria para a redacción do proxecto de obras (planos topográficos, información urbanística, características das infraestruturas existentes, así como o proxecto de urbanización).

**Quinta.-** Para a execución do presente Protocolo o Concello de Narón aportará ao longo dos tres exercicios seguintes e de acordo coas previsións orzamentarias oportunas, a contía de 2.700.000 € (dous millóns setecentos mil euros) con destino á execución das obras de construción do novo centro de saúde.

**Sexta.-** No suposto de producirse baixas na liquidación final, as mesmas repercutirán en ambas as dúas administracións asinantes deste Protocolo, en proporción á previa aportación que cada unha efectúe.

**Sétima.-** Tras a recepción da obra e posta en funcionamento do novo centro de saúde o Servizo Galego de Saúde entregará, libre de cargas e gravames e en debidas condicións de mantemento, o actual inmovible destinado a centro de saúde, sito no Alto do Castaño na localidade de Narón (rúa 25 de xullo), incluído o mobiliario de oficina.

**Oitava.-** Constituirase unha comisión de seguimento que interprete e asegure o bo fin e cumprimento do obxecto deste Protocolo así como que resolva as controversias xurdidas como consecuencia da execución deste.

A comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes, nomeados polos seus máximos responsables. A comisión reunirse por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos un dos representantes de cada entidade.

**Novena.-** O presente Protocolo entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia de tres anos, podendo ser prorrogado por mutuo acordo das partes asinantes antes da data da súa finalización, ata a consecución do seu obxectivo.

**Décima.-** O incumprimento de calquera das obrigas establecidas neste documento dará lugar á resolución do mesmo e no seu caso, a indemnización dos danos e perdas causados.

**Undécima.-** Este Protocolo ten carácter administrativo, quedando as partes que subscriben suxeitas á xurisdición contencioso- administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na aplicación deste.

Así queda redactado o presente Protocolo que, en proba de conformidade asinan os comparecentes, por duplicado exemplar no lugar e data indicados ao inicio.

**POLO SERVIZO GALEGO DE  
SAÚDE**

**POLO CONCELLO DE NARÓN**

**María José Rubio Vidal**

**Juan Gato Díaz**

## **ANEXO**

A cantidade de 2.700.000 euros (dous millóns setecentos mil euros) aportada polo Concello de Narón a efectos de execución do presente Protocolo, recollida na cláusula quinta do mesmo, distribuirase nos tres exercicios económicos vindeiros do xeito que segue:

Ano 2009: 100.000 € (cen mil euros).

Ano 2010: 1.000.000 € (un millón de euros).

Ano 2011: 1.600.000 € (un millón seiscentos mil euros).

**ANEXO IV** Resolución con data de 11 de decembro de 2008 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible sobre a non necesidade de someter ao procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica o Plan Especial de Dotacións en Freixeiro



**ASUNTO: COMUNICACIÓN DE DECISIÓN**


Para o seu oportuno coñecemento, achégolle a **“DECISIÓN de 11 de decembro de 2008, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, sobre a necesidade de avaliación ambiental estratéxica do Plan especial de dotacións en Freixeiro, concello de Narón (A Coruña)”** segundo o establecido na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

O que se comunica aos efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2008  
O Director Xeral de Desenvolvemento Sostible



Emilio M. Fernández Suárez



PASA A: *K. Quiñones*  
O Secretario,

*P. J. L.*

**Sr./Sra. Alcalde/Alcaldesa**  
**CONCELLO DE NARÓN**  
**Praza de Galicia, s/n**  
**15570 Narón**  
**A CORUÑA**





**DECISIÓN de 11 de decembro de 2008, da Dirección Xeral de  
Desenvolvemento Sostible, sobre a necesidade de avaliación ambiental  
estratéxica do Plan especial de dotacións en Freixeiro, concello de Narón  
(A Coruña)**

Mediante un escrito de data 4 de agosto de 2008, con entrada na Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible n.º 18976, do 8 de agosto, o concelleiro – delegado de Urbanismo do Concello de Narón achegou unha copia en formato papel e dixital do *documento de inicio do Plan especial de dotacións en Freixeiro* (en diante, Plan), solicitando “...*que o órgano ambiental informe...e así dar cumprimento ao artigo 5 da Lei 6/2007...*”.

A Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia (DOG n.º 94 de 16 de maio) integra, no seu capítulo II, o procedemento de avaliación ambiental estratéxica establecido pola Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente (BOE n.º 102 de 29 de abril) co procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico recollido na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro modificada pola Lei 6/2008, do 19 de xuño.

A documentación remitida polo Concello foi exposta xunto coa proposta previa á presente decisión durante un prazo de 10 días, a través da páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Durante o dito prazo, o Organismo Augas de Galicia formulou un escrito de observacións de data 9 de decembro de 2008 no que se indica que nas proximidades da zona en estudo atópase o rego Seco ou Freixeiro, codificado polo Plan Hidrolóxico Galicia-Costa (PHGC) co cód. 087002 no que será de aplicación a normativa e a lexislación de augas, tendo plena vixencia as prescricións establecidas nelas para o dominio público hidráulico. Así mesmo sinalase que o PHGC recolle que o concello de Narón atópase nunha zona de asolagamento con risco medio, “Río Xubia e Belelle (Ferrol)”. Indícase tamén que o PHGC establece unha serie de prescricións que será preciso ter en conta se a zona está nunha zona con risco de asolagamento ou se a actuación producise novas zonas asolagables e faise referencia ás prescricións establecidas nos artigos 2.34 ao 2.50 do PHGC sobre criterios sobre estudos, actuacións e obras para previr e evitar os danos debidos aos asolagamentos, enchentes ou outros fenómenos hidráulicos.

Da análise da documentación achegada, da información dispoñible e das respostas ás consultas na fase de exposición pública da proposta de decisión, e sobre a base do artigo 5 da Lei 6/2007, do 11 de maio, e dos criterios do anexo II da Lei 9/2006, do 28 de abril, conclúese:



- O ámbito deste Plan, de 13800 m<sup>2</sup>, é de reducidas dimensións a efectos estratéxicos. Está en contacto co solo urbano de Narón e nas proximidades do solo de núcleo rural de Edreiro. Linda ao norte coa Estrada de Castela que comunica co concello de Ferrol, e ao sur cun camiño peonil. Está atravesado por unha vía de titularidade municipal. A mais de 100 m ao norte do ámbito discorre un regato canalizado. É unha zona moi antropizada, con vivendas unifamiliares dentro do solo rústico apto para urbanizar e edificacións de 9 plantas de altura na parte en contacto co solo urbano e ao outro lado da Estrada de Castela.
- Os terreos teñen a clasificación de solo rústico apto para urbanizar e o obxecto do Plan é outorgarlles a cualificación de sistema xeral de equipamento de interese público e social, destinado a centro de saúde, consonte as determinacións do Plan xeral de Narón e as posibilidades que outorga o artigo 33 da Lei 9/2002 de establecer o uso sanitario público en solo rústico mediante a aprobación dun plan especial de dotacións.
- Na ordenación proposta reflíctense catro zonas: unha área de aparcadoiro a carón da Estrada de Castela; un viario público que atravesa o ámbito seguindo a traza do xa existente; unha área axardinada en contacto co viario de sistema xeral que servirá de colchón entre o solo urbano de maior densidade edificatoria e a nova dotación e, por último, unha área edificable onde se prevé a construción dun centro de saúde de titularidade pública, ao leste do ámbito. A tipoloxía da edificación será acorde coas tipoloxías rurais tradicionais da contorna, cunha altura máxima de dúas plantas ou 7 m, unha ocupación en planta de non superior aos 2500 m<sup>2</sup> e unha superficie máxima edificable de 5000 m<sup>2</sup>.
- A zona con todos os servizos urbanísticos na Estrada de Castela.
- O emprazamento atópase fora da Rede Galega de Espazos Protexidos e non se detectan afeccións en espazos de especial interese natural.
- O planeamento xeral do concello non foi sometido a avaliación ambiental estratéxica segundo a Lei 9/2006, do 28 de abril.
- No ámbito obxecto deste Plan, a protección do medio e a integración ambiental pódense acadar de xeito similar coa supervisión e informes preceptivos e mediante a aplicación, cando proceda, da avaliación de impacto ambiental de proxectos para os proxectos ou figuras similares que desenvolvan este planeamento.

Tendo en conta o exposto, de conformidade cos criterios do anexo II da Lei 9/2006, e sempre que se cumpran as medidas de protección ambiental recollidas no *documento de inicio do Plan especial de dotacións en Freixeiro*, considérase que o dito instrumento carece de efectos ambientais significativos determinantes da súa necesidade de avaliación ambiental estratéxica.



Visto canto antecede, **RESOLVO**:

Declarar, en virtude do disposto polo artigo 5, letra d), da Lei 6/2007, do 11 de maio, a **non necesidade de someter a avaliación ambiental estratéxica** o Plan especial de dotacións en Freixeiro, concello de Narón (A Coruña)

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2008

O director xeral de Desenvolvemento Sostible



Emilio Manuel Fernández Suárez

**ANEXO V** Informes da Dirección Xeral de Infraestruturas



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE  
 MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO  
 E INFRAESTRUTURAS  
 Dirección Xeral de Infraestruturas  
 Subdirección Xeral de Planificación e  
 Programación



**XACOBEO 2010**  
 Galicia

**INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE INFRAESTRUTURAS Ó PLAN ESPECIAL DE  
 DOTACIÓNS EN FREIXEIRO. CONCELLO DE NARÓN(AC)**

O presente informe emítese ó amparo do indicado nos artigos 85 e 86 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, así como no artigo 15 e concordantes da Lei 4/1994, de 14 de setembro, de Estradas de Galicia, e demais lexislación relacionada, sendo os datos básicos do documento presentado os seguintes:

Documento: PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS EN FREIXEIRO  
 Promotor: CONCELLO DE NARÓN  
 Arquitecta redactora: Carolina Cajide Barbeito  
 Estradas autonómicas afectadas:

Denominación	Categoría	Lonxitude afectada (km)
AC-862 Ferrol(glorieta CV Mº Fomento) – L.P.Coruña P:K. 3+100	Primaria Básica	0,100

Con data 19 de agosto de 2009 tivo entrada escrito do Concello de Narón, xunto cun exemplar do Plan Especial de dotacións en Freixeiro, que ten por obxecto posibilitar a construción dun Centro de Saúde. O 15 de outubro de 2009 o concello remite un anexo complementario no que elimina os aparcadoiros ó carón da estrada AC-862, así como o xiro a esquerda en dirección Ferrol.

Visto o que antecede esta Dirección Xeral de Infraestruturas informa **favorablemente** o “Plan especial de dotacións en Freixeiro do Concello de Narón”, debedo seguirse os seguintes puntos no seu desenvolvemento posterior:

- A correcta definición xeométrica, tanto en planta como en alzado, da conexión prevista, así como a correcta sinalización tanto horizontal como vertical da mesma, deberán ser introducidas no Proxecto de Urbanización.
- O citado Proxecto deberá ser autorizado polo Servizo Provincial de Estradas da Coruña.
- Por último, indicar que dadas as características urbanas, este treito deberá pasar a ser de titularidade municipal mediante o correspondente convenio de traspaso, o cal debería estar executado no momento de redacción do proxecto de urbanización.

**SANTIAGO DE COMPOSTELA, a 20 de outubro de 2009**

O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos

O Xefe de Servizo de Planificación de Programación

José Manuel Guerra Janeiro

Carlos Lefler Gullón

<sup>vºBº</sup>  
 Subdirector de Planificación e Programación

**Conforme**  
 Directora Xeral de Infraestruturas

Antonio López Blanco

Isabel Vila Barbosa





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Dirección Xeral de Infraestruturas

Edificio Administrativo San Caetano s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



**XACOBEO 2010**  
Galicia



**CONCELLO DE NARÓN**  
Praza do Concello, s/n-Xubia  
15570 NARÓN (AC)

Jmgj/Bvfc

**ASUNTO:** Remisión informe

Achégase informe da Dirección Xeral de Infraestruturas, relativo ó **“PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓN EN FREIXEIRO. APROBACIÓN INICIAL. CONCELLO DE NARÓN (AC)”**. (686)

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2010  
O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS



José Manuel Guerra Janeiro

Concello de Narón  
Registro Xeral  
**ENTRADA/ENTRADA**  
Fecha/Date 20-04-10 09:47:26  
Num. 8.729  
Edificabilidade



**INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE INFRAESTRUTURAS Ó PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS EN FREIXEIRO. APROBACION INICIAL. CONCELLO DE NARÓN(AC)**

O presente informe emítese ó amparo do indicado nos artigos 85 e 86 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, así como no artigo 15 e concordantes da Lei 4/1994, de 14 de setembro, de Estradas de Galicia, e demais lexislación relacionada, sendo os datos básicos do documento presentado os seguintes:

Documento: PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS EN FREIXEIRO. Aprobación Inicial

Promotor: CONCELLO DE NARÓN

Arquitecta redactora: Carolina Cajide Barbeito

Estradas autonómicas afectadas:

Denominación	Categoría	Lonxitude afectada (km)
AC-862 Ferrol(glorieta CV Mº Fomento) – L.P.Coruña P:K. 3+100	Primaria Básica	0,100

Con data 19 de agosto de 2009 tivo entrada escrito do Concello de Narón, xunto cun exemplar do Plan Especial de dotacións en Freixeiro, que ten por obxecto posibilitar a construción dun Centro de Saúde. O 15 de outubro de 2009 o concello remite un anexo complementario no que elimina os aparcadoiros ó carón da estrada AC-862, así como o xiro a esquerda en dirección Ferrol.

Con data 3 de marzo de 2010 ten entrada escrito para aprobación inicial acompañado dos documentos xa informados con data 20 de outubro de 2009.

Visto o que antecede esta Dirección Xeral de Infraestruturas informa **favorablemente** o “Plan especial de dotacións en Freixeiro do Concello de Narón”, debedo seguirse os seguintes puntos no seu desenvolvemento posterior:

- A correcta definición xeométrica, tanto en planta como en alzado, da conexión prevista, así como a correcta sinalización tanto horizontal como vertical da mesma, deberán ser introducidas no Proxecto de Urbanización.
- O citado Proxecto deberá ser autorizado polo Servizo Provincial de Estradas da Coruña.
- Por último, indicar que dadas as características urbanas, o treito da AC-862 ata a FE-11 correspondente ó Concello de Narón debería pasar a ser de titularidade municipal mediante o correspondente convenio de traspaso. tal como está previsto na planificación desta Dirección Xeral. o cal debería estar executado no momento de redacción do proxecto de urbanización.

SANTIAGO DE COMPOSTELA. a 5 de abril de 2010

O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos

O Xefe de Servizo de Planificación de Programación



Jose Manuel Guerra Janeiro

VºBº

Subdirector de Planificación e Programación

Antonio López Blanco

Carlos Lefler Gullón

Conforme


O Directora Xeral de Infraestruturas

Isabel Vila Barbosa



**ANEXO VI** Informes da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural





Xúntolle informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de 29 de marzo de 2010 relativo ao Plan Especial de Dotacións en Freixeiro, Concello de Narón.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2010

A Subdirectora Xeral de Patrimonio Cultural

María Diz Rodríguez

Concello de Narón  
 Praza de Galicia, s/n.  
 15570 Narón (A Coruña)

Concello de Narón  
 Rexistro Xeral  
**ENTRADA/ENTRADA**  
 Fecha/Data: 07-04-10 10:13:03  
 Num. 7.521  
 Edificabilidade



## **INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL RELATIVO AO DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS EN FREIXEIRO, CONCELLO DE NARÓN.**

Ámbito : Camiño de Lodairo, no límite do casco urbano de Narón coa estrada de Castela  
AC-862  
Autor: Carolina Cajide Barbeito  
Promotor: Concello de Narón  
Expediente: 2009/332

### **ANTECEDENTES**

Con data 2 de marzo de 2010 ten entrada no Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Cultura e Turismo o Documento para aprobación inicial Plan especial de dotacións en Freixeiro no Concello de Narón, co obxecto de que se emita informe sectorial por parte da Consellería de Cultura e Turismo

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

- Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia. En especial o seu artigo 32.
- Lei 3/1996, do 10 de maio, de Protección dos Camiños de Santiago
- Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
- Decreto 449/73, de 22 de febreiro, polo que se colocan baixo a protección do estado os "hórreos" ou "cabazos" antigos existentes en Galicia e Asturias.
- Decreto 571/1963, de 14 de marzo, sobre protección dos escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico-artístico.
- Decreto do 22 de abril de 1949 sobre os Castelos Españois.
- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

O presente informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emítase vistos os informes en relación co documento de referencia que constan no expediente:

- Informe de arquitectura do 25 de marzo de 2010 e de arqueoloxía do 26 de marzo de 2010 do Departamento Territorial da Consellería de Cultura e Turismo na Coruña.

### **CONSIDERACIÓNS E FUNDAMENTOS TÉCNICOS**

O obxecto do proxecto de Plan Especial é a ordenación dun solo destinado á construción dun equipamento de uso sanitario nun espazo próximo ao núcleo urbano de Narón.



A solicitude de informe ven motivada polo establecido no artigo 32 da Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia e do artigo 86 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os elementos inventariados mais próximos, Casa da Cultura na estrada de Castela (ref. EC-129), edificio de vivenda en Avda. Souto Vizoso (ref. EC-130), e Cruceiro e Capela de Lodairo (ref. EC-126), sitúanse a unhas distancias de 350 e 500 metros, respectivamente, do seu ámbito. Nestas circunstancias, non se considera necesario imporlle ao documento ningunha cautela ou determinación cara a protección do patrimonio arquitectónico ou etnográfico.

O documento incorpora informe do arqueólogo do Concello de Narón no que se sinala que non existen xacementos arqueolóxicos no ámbito obxecto do planeamento.


Consultada a documentación que obra no Departamento Territorial e a que obra no expediente, compróbase que o ámbito espacial delimitado non afecta a ningunha área de protección de xacementos nin a referencias de carácter arqueolóxico.

En consecuencia e por todo o antedito a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, dentro do ámbito das súas competencias, informa Favorablemente o documento de referencia

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2010  
**O director xeral de Patrimonio Cultural**

José Manuel Rey Pichel





Xúntolle informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 26 de maio de 2010 relativo documento para a aprobación inicial do Plan Especial de Dotacións en Freixeiro, no concello de Narón. Nova delimitación.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2010  
 A subdirectora xeral de Protección do Patrimonio Cultural



*María Diz Rodríguez*

María Diz Rodríguez



Concello de Narón  
 Praza de Galicia, s/n  
 15770 Narón



## **INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL RELATIVO AO DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓN EN FREIXEIRO NO CONCELLO DE NARÓN. NOVA DELIMITACIÓN.**

Ámbito : Freixeiro  
Autor: Carolina Cajide Barbeito  
Promotor: Concello de Narón  
Expediente: 2010/332

### **ANTECEDENTES**

Con data 29 de marzo de 2010 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural informou favorablemente o Plan Especial de dotacións en Freixeiro (documento para aprobación inicial) asinado pola arquitecta Carolina Cajide Barbeito en febreiro de 2010.

O Concello de Narón remite agora unha Separata do Plan Especial, asinada pola mesma arquitecta en abril de 2010, con entrada no departamento territorial da Consellería de Cultura na Coruña o 27 de abril de 2010

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

- Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- Lei 3/1996, do 10 de maio, de Protección dos Camiños de Santiago
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia
- Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
- Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, polo que se colocan baixo a protección do Estado os "hórreos" ou "cabazos" antigos existentes en Galicia e Asturias.
- Decreto 571/1963, do 14 de marzo, sobre protección dos escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico-artístico.
- Decreto do 22 de abril de 1949 sobre os Castelos Españois.
- Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos, que declara de interese xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a conservación dos bens de patrimonio cultural vinculados a eles.
- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

O presente informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emítese vistos os informes en relación co documento de referencia que constan no expediente:

- Informe de arqueoloxía do 18 de maio de 2010 e de arquitectura do 20 de maio de 2010 e do Departamento Territorial da Consellería de Cultura e Turismo na Coruña.



## CONSIDERACIÓNS E FUNDAMENTOS TÉCNICOS

O obxecto do proxecto de Plan Especial é a ordenación dun solo destinado á construción dun equipamento de uso sanitario.

A separata agora remitida establece unha nova delimitación do ámbito do sinalado plan, con variacións que afectan ao seu perímetro mais non ao seu emprazamento xeográfico.

O ámbito mantén as súas distancias de 350 e 500 metros aos elementos catalogados mais próximos, polo non se considera necesario imporlle ao documento ningunha cautela ou determinación cara a protección do patrimonio arquitectónico ou etnográfico.

O documento incorpora novo informe do arqueólogo do Concello de Narón, do 20 de abril de 2010, no que se sinala que non existen xacementos arqueolóxicos no ámbito obxecto do planeamento.

Consultada a documentación que obra no Departamento Territorial e a que obra no expediente, compróbase que o ámbito espacial delimitado non afecta a ningunha área de protección de xacementos nin a referencias de carácter arqueolóxico.

En consecuencia e por todo o antedito a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, dentro do ámbito das súas competencias, informa favorablemente o documento de referencia.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2010

**O director xeral de Patrimonio Cultural**



José Manuel Rey Pichel

**ANEXO VII** Informe do impacto arqueolóxico do Plan Especial de Dotacións



CONCELLO DE NARÓN  
ARQUIVO XERAL  
Área de Arqueoloxía

Andrés PENA GRAÑA

Historiador, arqueólogo e arquivista municipal  
Arquivo Xeral. Casa do Concello  
Plaza de Galicia 15580 Narón

**INFORME DE NULO IMPACTO ARQUEOLÓXICO DO PLAN ESPECIAL DE  
DOTACIÓNS EN FREIXEIRO**

Destinatario Ilmo Sr. Don José Manuel Blanco Suárez, Alcalde Presidente do Concello de Narón (+ arquitecto municipal Don Manuel Otero)

Ilmo sr. :

Andrés Pena Graña, Dr. en Arqueoloxía e Hª Ant., Arqueólogo do Concello de Narón informa que revisada a nosa factografía medieval, moderna e microtoponimia e ao longo de máis de vinte anos, intensivos traballos de campo prospectivos segundo consta nas nosas publicacións.

**-avaliándose a área afectada do Plan Especial de dotacións en Freixeiro**, terras baixas inundadas do río Freixeiro (Barciela) e terras máis altas de laboura do Idreiro (cf. Narón, un Concello con Historia de Seu, 1993, mapa da p. 145, e texto das pp. 144-150)

**-non se documentan nin existen en dita área castros, mamoadas, nin outros restos, presentando a todos os efectos a área afectada –abondo alonxada do Castro do Petouzal- nulo interese arqueolóxico.**

En Narón Terra de Trasancos a 19 días de Outubro de 2009

Ado Andrés Pena Graña  
Funcionario de Carreira do Concello de Narón





## O CASAL OU CASA NO PREITO LIUVA-ANTINO

Enténdese, na Idade Media, por este termo, unha vivenda labrega, explotación familiar con todo o que a rodea, cortiñas, leiras, hortas, alpendres, leiras pechadas para o gado e entradas e saídas a pastos e montes.

Orixinariamente, o *casal* como o *villar* non constituíe un núcleo de poboamento, senón somentes unha unidade de explotación familiar de hábitat dispersa dentro do marco xurisdiccional da *villa* ata finais do século XII. Existe unha serie longa de documentos nos que se amosa a realidade do casal algúns relativamente temperáns como a '*intentio*' liuva/Antino, outros serodios como o Apeo de Pedroso de mediados do século XVI. Pero ambos amosan unha estreita correlación morfolóxica. O segundo caso amosa como ó crece-la poboación esta vai gañando terreo o monte, abrindo novos espazos que quedarían valeiros a finais do século XIV estando en total ruína as casas todavía no século XVI.

Preséntase inicialmente en Trasancos o *casal* dentro do marco da *villa*, pero con rasgos individuais, constituindo un núcleo de habitación na periferia da mesma, así pois, en estes casos responde claramente a un hábitat disperso; o feito de que en varias ocasións señan designados có nome de personas o ratifica. Outro argumento a favor de esta sólida hipótese ó constitúen os topónimos nos que está presente o termo Casal (Dra. M. C. Pallarés). *Casa* e *casal* usáanse indistintamente, indicando o primeiro o edificio cá familia que o habita e o segundo o edificio cos anexos necesarios para o desenvolvemento económico da granxa.


O sentido do termo que nos ocupa pódese ver perfectamente matizado a traveso dun documento moi interesante da nosa Col. diplomática de S. Martiño de Xuvia do que nos ocupamos máis extensamente en outro capítulo. Xa estudado por Rubén García Álvarez.

O documento di así:

*Xps. Primeiro de agosto de 1069 (era i.c.viii et quot kalendas auggusti).*

*Entablouse un preito entre o abade Antino e os frades de S. Martiño, e Liuva sobor de unhas herdades e pomares (terreo adicado ó cultivo de maciñeiras) que son do mosteiro de S. Martiño, acusándose e contendendo (intendentes et contententes) uns con outros, o Abade Antino e Liuva, aquí no mosteiro de S. Martiño diante do noso señor e xuíz (o conde Froila Bermudez), e de moitos outros, nobres todos eles (Proli bene natorum), dicindo a Liuva o abade e frades do mosteiro por mor da herdade que tiña de Gatón que áchase testada ó mosteiro, cós seus anexos (adjuntiones) e os seus pumares, 'a terceira parte integra de canto me corresponde entre meus birmans o berdeiros'; e foi testado de Dona Aragunta, pola sua anima, as herdades e o casal (ipsas hereditates et ipso kasale) de Gatón que xa antes nomeamos (de Gatón quod superius nominabimus). E áchase esta villa e Pumar (ipsa villa e pumar) no Territorio de Trasancos, na villa (dentro dos seus límites anteragos) que chaman Neixa (villa quos vocitant Neixa), no seguinte lugar, entre a casa de Eika Dominguez (Eika Dominici) e do mesmo Liuva, e coñécese ese sitio polo nome de Casal de Gatón (et vocitant ibi kasale de Gatón) ó rente do río que discurre seco ata Suprado (Superato) onde entra no mar levando o cauce en dirección a S. Martiño. (32)*

A soberbia redución da microtoponimia das coleccións diplomáticas de Xuvia do noso colaborador D. Manuel López Bouza permítennos un demorado recorrido polo espazo xeográfico deste diploma:



MAR DA XOIVA

Rede viaria Medieval do actual Couto e Xuvia

Do castro do Petouzal, concretamente da fonte do Castro, arranca un vello rueiro coñecido polo nome de rueiro do Castro, que en dirección N.E. atravesa a Lugareira ata o que hoxe é o lugar de Neixa, e no século IX era a villa de Neixa, perto da fonte do mesmo nome. De Neixa partían dous rueiros que aínda existen, un que ía cara a Domirón, onde estaba a *villa*, que có tempo sería a máis preciada das posesións do conde D. Froila Perez Bermudez, non polo valor económico senón polo seu valor sentimental. A beleza das súas fragas, das que aínda quedan os topónimos, que se extendían pola costa, e as súas posibilidades cine-xéticas debían de ser farto estimadas por el xa que, estando a punto de morrer a máns dos almorávides no desastre de Sacralinas o Zacalinas, ofreceu *Domirón* ó seu mosteiro de Xuvia se S. Martiño deixabao sair con vida.

A medio camiño entre o lugar de Castro e a *villa* de Neixa outro rueiro coñecido có nome do Souto, pasaba a ponte do Cadaval no río Freixeiro, atravesaba os terreos da Torre (o que hoxe son As Torres) un topónimo baixo medieval —que aludía á torre do prior do mosteiro, dotada de todo o mobiliario necesario para que por métodos expeditivos os culpables “confesaran” os seus crimes, (coñecemos ben a torre do mosteiro de Pedroso; e de alí cruzaba o que hoxe é a carreira da Faisca —orixinariamente o rueiro que se dirixía a Suprado (*Superado*) atravesando unha derivación un vello depósito de cunchas de ostra no que apareceu cerámica romana de paredes finas— onde en carros recollíanse, ata hai pouco, algas e cunchas para abona—las terras e —tamén alí existía un pequeno embarcadoiro— pasaba pola chousa da Pedra outro vello camiño que se dirixía ó leste, cara ó castro do Petouzal, beireándoo en dirección sur. Pasando pola Picota (xusto nun cruce de camiños, onde na Baixa Idade Media podían verse os condenados trabados a picota expostos a vergoña pública polo “*allón*” ou saión do prior) do mosteiro ata a Faisca de abaixo donde un ramal SE iba cara ó complexo monacal e outro SW atravesaba os montes do Vilar ata a Punta do Preguntoiro no mar, entre Sua Coba e Suprado (*Superato*). En torno a esta rede dispoñíanse os casais.

Dona Aragunta, unha nobre da que ignoramos a súa filiación, doara ó mosteiro (dunhas propiedades probablemente en rexime ‘*pro indiviso*’) o seu quiñón dun reparto entre ós seus irmáns (sempre segundo a versión do mosteiro), entre elas está o *casal* de Gatón, constituído por unha casa labrega coas súas terras que debían ter unha certa extensión (ésta é a norma nos casais de Pedroso), á beira dun camiño onde había dous casais máis: o de Liuva e máilo de Eika Dominguez. Quizá Liuva, (*homo bono*), un labrego libre ou un antepasado, recibírao directamente de dona Aragunta ben como agasallo, ben por compra, ben como herdanza; neste caso, Liuva sería un descendente dunha rama dunha familia nobre, propietario dunha boa facenda, como se deduce da extensión do seu *casal*. Lamentablemente a carta notarial non consigna a extensión deste *casal*, e teremos que recurrir a unha minuciosa pescuda.

Na exhaustiva redución toponímica do couto de S.Martín realizada polo Sr. M. López Bouza —inestimable colaborador— o *casal* de Gatón e os outros limitan con Domirón, o Vilar, a Faisca, Corribó e Chousa da Pedra.

Esta granxa mailo pumar, obxecto de litixio (*villa et pumar*) áchanse segundo o documento dentro dos límites da *villa* de Neixa, bastante alonxados do núcleo da aldea, o que corrobora o dito con anterioridade.

A forma de ubicar no espacio físico unha propiedade na documentación alto-medieval é extremadamente precisa, e si se ten a sorte de dispor, coma en este caso concreto, dunha completa redución e estudo da área; tamén ofrece ricos datos indirectos.

Primeiro fálase da comarca, a comarca onde plenamente recoñécese a área da *civitas-populus, treba* ou *territorium*, da época castrexa.

*"Et est ipsa villa et pumare in territorio Trasanquos"*

Depois especificase a villa de poboamento antigo, ese gran claro no medio do bosque, dentro dos vellos límites do cal se atopa a propiedade da que se fala.

*"Villa quos vocitant Neixa"*

Ata aquí, séguese, pois, un esquema paralelo ó que amosa a epigrafía para a cultura castrexa, onde dempois do nome e a filiación, indícase o *territorio* ou *civitas/populus* seguida do "C" envorcado e un topónimo en ablativo referente ó lugar de habitación, o castro, ou á domicialización, a verba "*domo*" (casa, residencia seguida, en ocasións, do xenitivo de poseedor que pode coincidir, ás veces, cun topónimo)

Unha vez dentro da área da *villa* ven o nome do lugar ou ben o nome das propiedades, en este caso Gatón, hoxe a Gatoira

*"Gatón... in loquo Predicto"*

Esta graña-*villa*, casa labrega, de un propietario que semella acomodado asimesmo se chama Casal.

*"Vocitant ibi kasale de Gatón"*

Está situado máis precisamente entre dúas casas.

*"Inter Kasa de Eika Dominici, et de ipse Liuva"*

Casal e casa significan ó mesmo. Non se trata de que Liuva ten outra casa máis, e aínda que non podemos saber se posee máis bens que estes, o que é probable —só interesa a efectos do pleito, tratar do *casal=casa* de Gatón— afirmamos que ó menos é un "mediano" (parodiando este termo, evidentemente non sabemos en que consiste un mediano propietario no século XI) propietario de terras e que goza dunha situación acomodada.

Difícilmente pero podería ocorrer que os seus ascendentes foran de extracción nobre, descendentes de Dona Aragunta, señora da "prole dos ben nados" se foi así xa non leva título algún, agora consideránono socialmente un labrego máis, un *home bó* como o seu veciño Eika Domínguez, posesor así mesmo do seu casal.

Estas dúas casas díspóñense ó longo dun camiño de carro que aínda hoxe existe, perto dunha fonte de auga.

*"Prope rivulo que discurre sico pro ad Superado (Suprado) et intra ibi in illo mare discurrentes ad monasterio Sancti Martini"*.

Este regato (*rivulo*) que discurre seco, no verán ten hoxe o seu canle nun rueiro, o cal, ata hai pouco tempo comportábase como un verdadeiro río no inverno, como sucede coa maioría das corredoiras do N. de Galicia que bordean outeiros e son camiños e torrenteiras á vez.

Tódolos casais dispóñense sempre a ámbalas beiras dos *carraria*, non por capricho senón por necesidade, xa que o camiño de carro é fundamental para a posta en explotación das terras, recolle-la colleita das leiras, transportar-las mazás ou, dende o século XIII, as uvas ata os lagares, carretar pedra para a construción... por el pasan as cargas de leña que hai que paga-lo Mosteiro e un longo etc., é decir, é fundamental para o desenrolo da actividade económica da casa.



**CONCELLO DE NARÓN**  
**ARQUIVO XERAL**  
**SERVIZO DE ARQUIVO, HISTORIA E ARQUEOLOXÍA**  
Praza de Galicia 1, 15570 NARÓN  
Andrés Pena Graña.  
Historiador, arqueólogo y arquivista municipal.

**INFORME DE NULO IMPACTO ARQUEOLÓXICO DO PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS EN FREIXEIRO.**

Destinatario Ilmo Sr. Don José Manuel Blanco Suárez, Alcalde Presidente do Concello de Narón (+ arquitecto municipal Don Manuel Otero)

Ilmo sr.:

Andrés Pena Graña, Doutor em Arqueoloxía e Hª Ant., Arqueólogo do Concello de Narón, informa que revisada a nosa factografía medieval, moderna e a microtoponimia, e ao longo de vinte anos de intensivos traballos prospectivos de campo segundo consta nas nosas publicacións.

**- Avaliándose a área afectada do Plan Especial de dotacións em Freixeiro, modificada e ampliada tal e como se reflecte no plano de abril de 2010 adxunto:** terras baixas inundadas do río Freixeiro (Barciela) e terras máis altas de labourea do Idreiro (cf. Narón, um Concello com Historia de Seu, 1993, mapa da p 145, e texto das pp. 144-150)

